- Colexios Plan Urgencia (Rf)	30 puntos

OITAVO.- O mantemento das vivendas dos porteiros-vixiantes non está incluído na autoxestión.

NOVENO.- En atención ás especiais características do Centro de Educación Permanente de Adultos/as non son de aplicación as puntuacións:

-por terreos.

-por alumnado: neste caso puntuarase con 15 puntos cada cen alumnos ou fracción.

DÉCIMO.- As reclamacións terán efecto no ano seguinte e deberán solicitarse ao Servicio de Educación mediante escrito e presentando os correspondentes xustificantes.

DÉCIMO-PRIMEIRO.- O Servicio de Educación cursará as órdenes oportunas á Intervención para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ó sistema de AUTOXESTIÓN.

18(248).- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBAN COLECTIVO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS DE USO XERAL DE VIGO, MEDIANTE A CREACIÓN DUN SERVIZO DE TRANSPORTE A ZONA FRANCA SITA EN AVDA. CITROËN. EXPTE. 74325/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.02.08 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 15.02.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Aprobar a proposta de convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e Peugeot Citroen Automóbiles España S.A. centro de Vigo e Viguesa de Transportes S.L. para a ampliación do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros para dar servizo os traballadores da factoría sita na Avda. de Citroen.

2º- Aprobar a ampliación do contrato de concesión do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral de Vigo mediante a creación dun servizo de transporte a zona franca sita en avda. Citroén cos seguintes itinerarios :

LIÑA 1B CEMENTERIO DE TEIS, AVDA ANGEL DE LEMA , TRAVESIA DE VIGO , C/ PIZARRO, PLAZA DE ESPAÑA, C/ GRAN VIA , AVDA. DE CASTRELOS , AVDA. DE CITROEN.

LIÑA 2B CUATRO PUENTES , AVDA DE GALICIA , AVDA. SANJURJO BADIA ,C/ GARCIA BARBÓN , C/ POLICARPO SANZ , C/ PI Y MARGALL, C/ LOPEZ MORA , AVDA. DE FRAGOSO , AVDA DE CITROEN.

LIÑA 3B AVDA. DE PEINADOR , CAEIRO, CABRAL , AVDA DE RAMÓN NIETO, AVDA DE MARTINEZ GARRIDO, AVDA ARQUITECTO PALACIOS , AVDA. DE CITROEN.

Os servizos prestaranse as 6.00 e 14.00 horas en sentido Avenida de Citroen e as 14.00 e 22.00 horas dende a Avenida de Citroen.

O servizo crease con carácter experimental e por un período de dous anos . Transcorrido o primeiro ano dende a posta en servizo, efectuarase una valoración sobre á utilización do mesmo e a conveniencia do mantemento nas condicións de creación o a necesidade de suprimilo o modificalo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO, PEUGEOT CITROËN AUTOMOBILES ESPAÑA S.A. E VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. PARA AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA DAR SERVIZO OS TRABALLADORES DA FACTORIA SITA NA AVENIDA DE CITROEN.

REUNIDOS

En Vigo, a ---- de febreiro de 2008.

DUNHA PARTE, D. ABEL CABALLERO MARTINEZ Alcalde Presidente do Concello de Vigo por Acordo do Pleno da Corporación de data 16 de xuño de 2007.

DOUTRA PARTE, D. comode PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. – Centro de Vigo, e

DOUTRA PARTE, D. Juan Carlos Villarino Tejada, na súa calidade de Director Xeral de VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.- VITRASA según escritura nº 3720 de data 3 de novembro de 2004 ante o notario Ricardo Vilas de Escauriaza con CIF B-36693778, con domicilio social en Vigo, carretera de Camposancos 36 (Pontevedra)

Tódolos comparecentes, na representación legal que ostentan, se recoñecen capacidade legal suficiente para subscribir o presente Convenio, e a tal efecto:

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o CONCELLO DE VIGO ten como unha das súas prioridades, o fomento do transporte público e a atención do interese xeral en aras a favorecer o transporte e a mobilidade dos cidadáns.

SEGUNDO.- Que PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A, no sucesivo CITRÖEN, no seu centro de Vigo, dedícase á fabricación de vehículos automóbiles sendo a principal empresa da cidade tanto polo seu volume de produción, como polo número de empregados.

TERCEIRO.- Que VITRASA é a empresa concesionaria do Servizo Público Regular de Transporte Urbano Colectivo da cidade de Vigo, do que é titular o CONCELLO DE VIGO, regulándose as relacións xurídicas entre as partes no Prego de Condicións Económico-Administrativas e Prescricións Técnicas que rexeu o concurso público para a adxudicación do servizo, aprobado en sesión plenaria celebrada en data 7 de marzo de 1994.

CARTO.- Que, a causa do elevado número de persoal que presta o seu servizo na factoría PEUGEOT CITROËN situada na Avenida de Citroen, realízanse,un elevado número de desprazamentos en vehiculos privados nas horas de entrada e saída de cada unha das quendas, cos conseguintes problemas de tráfico e estacionamento.

Dos estudos realizados concluese que a maior parte destes desprazamentos teñen como orixe e destino o termino municipal de Vigo e, por tanto, poderían ser cubertos a través do Servizo de Transporte Urbano Colectivo de viaxeiros da cidade.

QUINTO.- Que, por outra parte, a través do uso da tarxeta verde, e o transbordo entre liñas, foméntase o uso do transporte público urbano e a captación de viaxeiros que utilizan o vehiculo privado.

SEXTO.- Que conforme ao establecido no artigo 15.1 do Prego de Condicións, o Concello de Vigo, titular do servizo, ten a potestade de ordenar as modificacións deste que por razóns de interese público estime oportunas. No mesmo Prego, os artigos 19.3, 20 , 26 e 61 determinan a obriga do concesionario de atender as modificacións do servizo ordenadas polo Concello.

SÉTIMO.- Que, segundo o exposto, as Partes estiman conveniente de cara o interese público a creación dunha novas liñas que favorezan o transporte dos traballadores da factoría, dado o elevado potencial do mesmo e os beneficios derivados tanto para o tráfico rodado da cidade, como para o elevado número de traballadores favorecidos polo servizo.

Con tal obxecto, as partes conveñen en formalizar o presente Convenio , de acordo coas seguintes:

E S T I P U L A C I Ó N S

PRIMEIRA.- O CONCELLO DE VIGO aprobará a ampliación do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros mediante a creación dunhas novas liñas dentro da concesión de transporte urbano co fin de atender as necesidades dos traballadores da factoría de CITROËN sita na Avenida de Citroen.

Este servizo prestarase nas mesmas condicións do resto dos servizos en canto o uso da tarxeta verde como medio de pagamento, así como o billete de correspondencia que permitirá realizar transbordo gratuíto con outras liñas da rede de transporte.

SEGUNDA.- Créanse tres novas liñas con orixe, respectivamente, en Avenida Ángel de Lema nº221 , Avenida de Vigo nº269, e Avenida do Aeroporto nº54 e destino na entrada da factoría CITROËN, sita na rúa Avenida de Citroen, de acordo co calendario, horarios e itinerarios establecidos no Anexo I do presente Acordo.

O novo servizo establecido poderá ser obxecto de modificación cando as circunstancias así o aconsellen, previa autorización do CONCELLO DE VIGO.

VITRASA aportará os medios materiais e humanos precisos para garantir a adecuada prestación do servizo.

TERCEIRA.- Réxime económico: CITROËN aboará mensualmente a VITRASA a diferenza existente entre o prezo do servizo e os ingresos totais obtidos dos usuarios, sendo a súa forma de pagamento a convir entrámbalas dúas partes.

CUARTA.- VITRASA comprométese a manter o servizo aquí establecido de forma experimental durante un prazo de dous anos, prorrogables automaticamente por períodos iguais, en tanto en canto non se denuncie de forma expresa por calquera das partes cun prazo de mínimo de tres meses de antelación á finalización do prazo fixado o ou de calquera das súas prórrogas.

QUINTA.- O Convenio ten carácter administrativo e en todo o non expresamente previsto resultará de aplicación o Prego de Condicións citado, conservando a Administración as prerrogativas que lle corresponden como Administración contratante, conformidade co establecido no Prego e na lei de Contratos das Administracións públicas (texto refundido aprobado por R.D. Legislativo 2/ 2000, 16 de xuño)

E en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente Convenio por triplicado , no lugar e data arriba indicados.

19(249).- MODIFICACIÓN DAS TARIFAS VIXENTES DE DETERMINADOS APARCADOIROS PÚBLICOS EN RÉXIME DE CONCESIÓN CO OBXECTO DE MANTER O EQUILIBRIO ECONÓMICO FINANCEIRO DOS DISTINTOS CONTRATOS. EXPTE. 74421/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 19.02.08, que di o seguinte:

No BOE do 30.12.2006 publicouse a Lei 44/2006, de 29 de decembro, de Mellora de Protección dos Consumidores e Usuarios que no seu artigo 3 modificou o art. 11 da Lei 40/2002, de 14 de novembro, reguladora do Contrato de Aparcadoiro sinalando que en todo caso o prezo do servizo de aparcadoiro determinarase en función do tempo real de prestación do servizo. A lei introduxo un novo apartado 2 no art. 1 da Lei 40/2002 no que se indicou que nos estacionamentos rotatorios o prezo pactarase por minuto. A Disposición Transitoria Segunda da Lei 44/2006 advertía que as novas obrigas impostas polo art. 3 serían esixibles transcorridos cinco meses dende a súa entrada en vigor agás a modificación referente ó citado artigo 1.2 (prezo por minuto) que sería esixible unha vez transcorridos oito meses, é dicir, en data de 31 de agosto de 2007.

En virtude dos antecedentes legais expostos a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 27.08.2007 fixou, previa audiencia dos interesados, a tarifa/minuto dos aparcadoiros de concesión administrativa municipal dividindo por 60 o importe da totalidade dos céntimos de euro do prezo-hora das tarifas vixentes nesa data, non obstante no apartado segundo do acordo indicábase que a efectos de evaluar a posible incidencia das novas tarifas no equilibrio económico-financieiro das distintas concesións constituírase unha comisión de estudo que, no prazo de seis meses analizaría, en función dos datos aportados polas diferentes empresas concesionarias, a incidencia tarifaria mencionada.

Co específico fin indicado a mercantil IDOM CONSULTORIA, previo contrato de asistencia técnica adxudicado polo Concello de Vigo, confeccionou un estudio denominado DETERMINACIÓN DE IMPACTO DE TARIFICACIÓN POR MINUTO NAS CONCESIÓNS MUNICIPAIS DE APARCADOIROS DO CONCELLO DE VIGO E PROPOSTA DAS TARIFAS DE EQUILIBRIO. CONCLUSIÓN FINAIS. APARCADOIROS DE URZAIZ, INDEPENDENCIA, PRAZA DO REI, PRAZA ELÍPTICA, R/CORUÑA, R/VENEZUELA E PRAZA DE FERNANDO EL CATÓLICO.

A Comisión de Estudio mencionada no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27.08.2007 reuniuse, segundo consta no expediente, en datas de 15 e 18 de febreiro co fin de evaluar as conclusións do estudio presentado. Nas reunións mencionadas os representantes das distintas mercantís concesionarias deron a súa conformidade ó proxecto de proposta de acordo que lles foi comunicado polo Concelleiro Delegado de Tráfico e Seguridade e que se concretaba na elección da denominada “alternativa nº 2” do estudio que, ó igual que as restantes, posibilita o obrigado mantemento do equilibrio económico-financieiro das concesións coa ventaxa para o interese público municipal de que a mesma é a máis coherente coa política municipal de supresión de aparcadoiros en superficie. Respecto do aparcadoiro localizado na Praza Elíptica óptase pola “alternativa nº

1ª dada a singularidade/peculiaridade que, no tempo de estancias medias, se observa neste aparcadoiro como consecuencia da vinculación do mesmo ó centro comercial alí existente.

No expediente consta informe de data 19.02.08 da funcionaria municipal Dª Sela Bernárdez Gil, Técnica de Administración Especial, no que se evalúa a calidade e fiabilidade técnica do estudo realizado pola mercantil IDOM CONSULTORIA en que tivo como base e fundamento a información facilitada polas distintas empresas concesionarias.

En virtude da Comisión de Estudo constituída e da conformidade expresa manifestada polos representantes das distintas empresas concesionarias ó proxecto de proposta de acordo que consta nas actas das reunións da Comisión debe entenderse cumprimentado o preceptivo trámite de audiencia previsto no último parágrafo do art. 59.1 do TRLCAP.

A pesares dos requerimentos realizados, a non aportación por parte das empresas concesionarias de datos correspondentes á incidencia da tarificación por minutos nos aparcadoiros de PORTA DO SOL e PRAZA DE PORTUGAL (Interparking Hispania S.A.), CAMELIAS-LOPEZ MORA (Promociones Vialmar S.A.); ZARAGOZA-VALLE INCLAN (Ismael y Vicente Rodríguez Alvarez S.A.); PORTELA-SAGUNTO (Coycobras S.A.) e JENARO DE LA FUENTE (Aparcadoiro Jenaro de la Fuente S.A.) impide avaliar o posible desequilibrio económico-financieiro das concesións en virtude da medida legal adoptada (Lei 44/2006) o que implica que en tales aparcadoiros deberán manterse vixentes as tarifas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.08.07. Non obstante ó exposto a mercantil Interparking S.A. presentou datos de tarificación en intervalos de quince minutos alegando que o sistema informático da empresa impide detallar con máis concreción a incidencia das tarifas/minuto establecidas no acordo de data 27.08.07 e o resultado destas no equilibrio concesional.

De conformidade co exposto, no prazo previsto no apartado primeiro da parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local de data 27.08.07, ó amparo do sinalado nos arts. 59.1; 101 e 163 do TRLCAP aprobado por R.D. Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, proponse á Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, previa fiscalización pola Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar, co obxecto de manter o equilibrio económico-financieiro dos distintos contratos, o importe das tarifas que serán aboadas polos usuarios dos aparcadoiros públicos en réxime de concesión administrativa nas seguintes contías máximas:

APARCADOIRO RUA URZAIZ.- Concesionario Tranvías Eléctricos de Vigo S.A.-Eloymar S.A.
0,0325 €/min. nos primeiros 80 minutos.
0,0244 €/min. a partires do minuto 81.

APARCADOIRO PRAZA INDEPENDENCIA. Concesionario: Tranvías Eléctricos de Vigo S.A.-Eloymar S.A.
0,0297 €/min. nos primeiros 80 minutos.
0,0223€/min. a partires do minuto 81.

APARCADOIRO PRAZA DO REI. Concesionario: Corporación Masaveu S.A.
0,0289 €/min. nos primeiros 80 minutos.
0,0210 €/min. a partires do minuto 81.

APARCADOIRO RUA VENEZUELA. Concesionario: Conycase S.A.
0,0320 €/min. nos primeiros 80 minutos.
0,0256 €/min. a partires do minuto 81.

APARCADOIRO RUA CORUÑA. Concesioanrio: Conycase S.A.
0,0350 €/min. nos primeiros 80 minutos.
0,0280 €/min. a partires do minuto 81.

APARCADOIRO PRAZA FERNANDO EL CATÓLICO. Concesionario: Conycase S.A.
0,0326 €/min. nos primeiros 80 minutos.

0,0262 €/min. a partires do minuto 81.

APARCADOIRO PRAZA ELÍPTICA. Concesionario. Prazadouro S.L.
0,0248 €/min.

Segundo.- Manter, respecto dos aparcadoiros que se citan, as tarifas máximas fixadas no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27.08.2007.

APARCADOIRO PORTA DO SOL. Concesionario: Interparking Hispania S.A.
0,0282 €/min.

APARCADOIRO PRAZA DE PORTUGAL. Concesionario: Interparking Hispania S.A.
0,0220 €/min.

APARCADOIRO CAMELIAS-LOPEZ MORA. Concesionario: Promociones Vialmar S.A.
0,0125 €/min.

APARCADOIRO ZARAGOZA-VALLE INCLAN. Concesionario: Ismael y Rodríguez Alvarez S.A.
0,0125 €/min.

APARCADOIRO JENARO DE LA FUENTE. Concesionario: Aparcamiento Jenaro de la Fuente S.A.
0,0190 €/min.

Terceiro.- As tarifas transcricas poderán incrementarse, previa autorización do órgano de contratación, cos importes resultantes das actualizacións anuais que no seu caso procedan en cada contrato.

Cuarto.- As modificacións das tarifas mencionadas no apartado primeiro deberán formalizarse en documento administrativo dentro do prazo dos trinta día seguintes a contar dende a notificación do presente acordo.

Quinto.- As modificacións das tarifas mencionadas no apartado primeiro entrarán en vigor a partires do día seguinte a adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

Sexto.-Notificar o presente acordo ás distintas entidades concesionarias facéndolles constar que o mesmo esgota a vía administrativa podendo interpoñerse contra o mesmo recurso de reposición no prazo de un mes perante a Xunta de Goberno Local ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de Vigo no prazo de dous meses sen que ambos podan simultanearse.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(250).- PROPOSTA DE IMPLANTACIÓN DUN SEGUNDO TRANSBORDO NO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 74435/210.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 20.02.08, que di o seguinte:

---Na sesión celebrada polo Pleno da Corporación en data 29 de outubro de 2001 no punto nº 8 REMODELACIÓN DA REDE ACTUAL DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS no apartado nº 5 adoptouse o seguinte acordo:

“ establece o denominado billete de correspondencia entre liñas de forma gratuíta que mellorara sensiblemente a conectividade especialmente coas zonas mais dispersas, de tal maneira que un usuario que

utilice a tarxeta monedeiro ó baixar dunha liña, e durante o prazo suficiente de tempo para subir a outra, pode acceder a calquera outra liña concorrente sin ter que abonar un segundo billete, coa única exclusión do regreso ó itinerario de orixe .”

---Na sesión celebrada polo Consello Sectorial de Transportes na data 18 de decembro de 2007, o Sr, Presidente expón que estudarase a realización dunha modificación concesional para incorporar ao servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade,un 2º transbordo.

---Na data 11 de febreiro de 2008, o Concelleiro-delegado da Area de mobilidade, transporte e seguridade, dicta orde de servizo para a realización dos tramites necesarios para a implantación dun segundo transbordo no servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros na cidade de Vigo.

---Formulada proposta pola Xefa do servizo de Transportes , deuse traslado da mesma a empresa concesionaria , para que nun prazo de dez dias puidese formular alegacións a proposta formulada .

---Con data 22 de febreiro de 2008 o Director Xeral da empresa Viguesa de Transportes S.L presentou no rexistro xeral do Concello escrito de alegacións co seguinte contenido :

- Aceptar a implantación dun segundo transbordo, con carácter experimental sempre que:*

1º o segundo transbordo exclúa tanto o regreso ao itinerario de orixe , como o uso da mesma liña, ben no mesmo sentido, ben no sentido inverso, para realizar a transferencia.

2º que non supoña repercusión económica para a empresa e que se estableza nos mesmos términos establecidos no acordo de 29 de outubro de 2001.

Polo exposto e de conformidade co disposto no artigo 26. 1 do Prego de condicións que rexe a concesión aprobado en sesión plenaria de data 14 de marzo de 1994, o Concello poderá esixir tódalas modificacións na prestación dos servizos que estime oportunos co fin de mellora-las mesmas proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a implantación dun segundo transbordo no servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, que permita a utilización de forma gratuíta dunha segunda liña para acceder os usuarios a seu destino, nas mesmas condicións que o billete de correspondencia aprobado na sesión plenaria de data 29 de outubro de 2001.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(251).- FIXACIÓN DO PVP DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “DARÍO BASSO. ALGORITMI DIXIT”. EXPTE.2905/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do responsable técnico de Exposicións do Museo municipal “Quiñones de León”, do 15.02.08, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

Con motivo da mostra “DARÍO BASSO. ALGORITMI DIXIT:” a celebrar na Casa das Artes entre 14 de marzo e 13 de abril, editarase un catálogo con textos e fotografías seleccionadas. A edición do catálogo ten un custe, para unha tiraxe de 500 exemplares, i.v.e. incluído, de 4.900 €.

Co obxecto de recuperar parte do investimento feito na edición e, ao tempo aumentala súa difusión, o concelleiro de cultura resolveu a apertura do expediente de venda ó público correspondente conforme á ordenanza municipal vixente.

Segundo dispón a ordenanza reguladora de prezos, o valor de venda ó público de cada unidade oscilará entre un mínimo dun 50% e un máximo dun 100% do prezo de custe, impostos incluídos. Segundo isto, resultan uns prezos mínimo e máximo para a publicación de 5 EUROS e 10 € respectivamente. Dado que o catálogo incorpora obra orixinal do artista, en tanto intervén personalmente en cada portada; e co obxecto de tender a unificar os prezos das publicacións da Casa das Artes; sendo o máis inmediato precedente o da publicación feita por mor da exposición de Nelson Villalobos; aconséllase que o prezo medio de venda podería ser de 9 euros, impostos incluídos.

Do total dos 500 catálogos contratados, considérase de interese poñer á venda un total de 200 reservando 300 para necesidades protocolarias municipais e ao intercambio de publicacións.

Á vista do citado, seguindo instrucións do Concelleiro de Cultura, faise á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA.-

“Poñer á venda 200 catálogos dos 500 editados co gallo da exposición “DARÍO BASSO. ALGORITMI DIXIT:”, a un prezo unitario de venda ó público de NOVE (9) EUROS.-, I.V.E. incluído; reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias municipais e intercambio do museo”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(252).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES PARA OS EXERCIZOS 2008 E 2009. EXPTE. 5357/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 31.01.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 21.01.08, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 563.560euros euros para a subministración de combustibles para os exercicios 2008 e 2009 que se imputarán á partida presupuestaria 1212.221.03.00 "Combustible e Carburantes" do vixente presuposto e do ano 2009.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 14-01-2008 e o prego de prescripción técnicas para a subministración de combustibles para os exercicios 2008 e 2009, prorrogable para outros dous..

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

23(253).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN DE ESPERAS PARA A LONXA DO CONCELLO E EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA O SERVIZO DE INFORMACIÓN TELEFÓNICA 010. EXPTE. 1483/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 6.02.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 7.02.08, conformado polo concelleiro da Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 25.000 euros euros para a execución da subministración dun sistema de xestión

de espera para a Lonxa do Concello e equipos informáticos para o Servizo de Información Telefónica 010 ditribuido que se imputarán á partida presupuestaria 4631.626.00.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo Excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 22-01-2008 e o prego de prescripción técnicas para a subministración dun sistema de xestión de espera para a Lonxa do Concello e equipos informáticos para o Servizo de Información Telefónica 010.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

24(254).- SUBHASTA DE 64 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL PARA CHATARRA. EXPTE. 2172/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 13.02.08, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Allear para chatarra 64 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

2.- Allear para chatarra a seguinte depositada no Parque Central de Servizos:

- Vehículos que figuran en relación adxunta, debendo facerse os trámites correspondentes para a súa baixa na Xefatura de Tráfico e para o desguace, e presentando no Parque Móbil copia da baixa en Tráfico.
- 20.000 kgs. de chatarra diversa de ferro.
- 1.000 kgs. de retales de cable de cobre illado.
- 500 kgs. de retales de cable de aluminio.

Os ofertantes aportarán prezos para a retirada de cada unha destas partidas, tendo en conta que serán ó seu cargo os custos de seccionamento, carga, temas administrativos, etc.

A pesase efectuarase no Parque Central utilizando a báscula das instalacións.

A retirada das chatarras realizarase entre as 9.00 e as 14.00 horas, agás que se autorice polo Parque Central un horario diferente por razóns xustificadas.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

25(255).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A PRAZADOURO S.L. PARA CONTINUAR COA EXPLOTACIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DA PRAZA ELÍPTICA. EXPTE. 18279/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 8.02.08, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio e polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*

ANTECEDENTES:

Primeiro.- O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 29 de maio de 1998, acordou adjudicar en réxime de dominio público a redacción do proxecto, construción e explotación dun aparcadoiro e locais comerciais de usos terciarios na denominada Praza Elíptica e a urbanización do PERI I-5 a PRAZADOURO, S.L., por un período de 99 anos, de conformidade co prego de condicións administrativas aprobadas por acordo plenario de data 27 de xaneiro de 1998, e a oferta presentada. Acordo de adjudicación formalizado en documento administrativo, suscrito entre as partes en data 23 de xuño de 1998.

Segundo.- Por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 11 de novembro de 2004, ditada no recurso administrativo 02/0006149/1998, anuláronse os acordos plenarios de datas 29 de maio de 1998 e 27 de xaneiro de 1998 aprobatorios, respectivamente, da adjudicación da concesión administrativa de dominio público da Praza Elíptica e do prego de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares con base ó cal se adoptou tal acordo de adjudicación. Esta sentenza deveu firme ó ser inadmitido, por auto do Tribunal Supremo de data 6 de xullo de 2006, o recurso de casación interposto por este Concello contra a mesma.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A explotación do aparcadoiro e as instalacións da praza elíptica implica un uso privativo do dominio público. É uso privativo o que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limite ou exclúa a utilización do mesmo polos demais interesados (artigos 85 LPAP e 75 RBEL).

É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso. O título habilitante necesario sería a concesión administrativa (artigo 86 LPAP).

Segundo.- O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, impón as partes a obriga de cumprir as sentenzas, na forma e termos consignados nestas. Neste senso, unha vez que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 11 de novembro de 2004, ditada no recurso administrativo 02/0006149/1998 adquiriu firmeza, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 4 de xuño de 2007, tomou razón e acordou o cumprimento da mesma.

Terceiro.- A declaración de nulidade do acto de adjudicación dun contrato, cando sexa firme, como no caso que nos ocupa, levará en todo caso consigo, por imperativo do artigo 65.1 da LCAP, a nulidade do mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación. Así, firme a sentenza e declarada nula a concesión, é preciso proceder a liquidar a mesma.

No entanto, durante a tramitación do expediente contradictorio para a liquidación da concesión de dominio público para a redacción do proxecto, construción e explotación dun aparcadoiro e locais comerciais de usos terciarios na Praza Elíptica e a urbanización do PERI I-5 é preciso, en aras do interese público, determinar o modo de continuar coa xestión do servizo público implicado.

O artigo 65. 3 da LCAP permite, no caso de que a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ó servizo público, dispoñer no mesmo acordo de nulidade a continuación dos efectos do contrato anulado e baixo as mesmas cláusulas, en tanto se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo.

No presente caso, aínda que a nulidade foi declarada por resolución xudicial, e tendo en conta que, por unha banda, a Administración municipal carece de medios adecuados para asumir a xestión directa da concesión de dominio da Praza Elíptica, e que, por outra banda, non existe unha regulación específica para o suposto que nos ocupa, parece que a mellor solución para continuar coa adecuada xestión da Praza Elíptica é aplicar por analoxía o precepto citado e autorizar a PRAZADOURO, S.L. a continuación na explotación da concesión en tanto se proceda a liquidación do contrato e, no seu caso, de optarse de novo por un modo de xestión indirecto, á posterior adxudicación do mesmo.

Cuarto.- O órgano competente para o outorgamento da presente autorización é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no o artigo 127.1.f da LBRL, que lle atribúe a xestión do patrimonio.

En mérito ó que antecede, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar a PRAZADOURO S.L. a continuar coa xestión da concesión de dominio público para a redacción do proxecto, construción e explotación dun aparcadoiro e locais comerciais de usos terciarios na Praza Elíptica e a urbanización do PERI I-5, con sometemento a regulación da mesma prevista no prego de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares aprobado definitivamente por acordo plenario de data 27 de xaneiro de 1998, e conforme á oferta presentada, durante a tramitación do expediente contradictorio para a liquidación desta concesión, e no seu caso, ata a realización dunha nova adxudicación.

2º.- Esta autorización non xerará dereito ningún a favor de PRAZADOURO S.L. distintos dos que puidera ostentar no seno da concesión.

3º.- Esta autorización poderá deixarse sen efecto pola Administración municipal en calquera momento, e sen dereito a indemnización, cando así o estime oportuno para unha mellor defensa dos intereses públicos implicados.

4º.- Para a efectividade do presente acordo PRAZADOURO S. L deberá prestar a súa conformidade ó mesmo, no prazo dos 15 días seguintes a recepción da súa notificación, mediante comparecencia nas dependencias do Servizo de Patrimonio por persoa que acredite ostentar a súa representación legal.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(256).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A AC HOTEL VIGO S.L. PARA A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO NA RÚA MONTERO RÍOS, COA INSTALACIÓN DA TERRAZA DO HOTEL UNIVERSAL. EXPTE. 18134/240.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 4.02.08, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Publico Local. (B.O.P 30 de decembro de 2006)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A. C. HOTELES SA, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de xullo de 2007 solicitou autorización para a instalación e recuperación da antiga terraza do Hotel Universal, na Rúa Montero Rios fronte o actual Hotel, e como actividade complementaria de dita instalación hoteleira, achegando ao efecto o correspondente proxecto de obras de acondicionamento redactado polos arquitectos D. Jose Luis Pereiro Alonso e D. Borja Ramilo Méndez, e visado polo colexio oficial de arquitectos en data 04/07/2006 e 29/11/2007.

Segundo.- Na instrución do expediente emitíronse informes polos seguintes servizos municipais:

- Xefa de Area Servizo de Tráfico, Seguridade e Transportes de data 1 de agosto de 2007.
- Servizo de electromecánicos de data 26 de setembro de 2007 e 19 de decembro de 2007.
- Servizo de Patrimonio Histórico de data 2 de outubro de 2007.
- Arquitecto de Patrimonio en data 15 de outubro de 2007 e 13.12.2007.
- Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 17 de outubro de 2007.
- Servizo de Licencia de Obras da Xerencia de Urbanismo de data 22 de novembro de 2007.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- O proxecto presentado pola solicitante ten por obxecto a instalación e recuperación do antigo xardín-terraza do Hotel Universal con fronte a rúa Montero Rios, nunha superficie de 381.65 m², que segundo resulta do proxecto presentado conleva a recuperación do antigo seto perimetral, o mantemento da pérgola existente na actualidade, e o establecemento dunha instalación lumínica.

Segundo.- A ocupación da vía pública coa instalación da terraza proxectada, implica un uso privativo do dominio público, configurándose aquel que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limite ou exclúa a utilización do mesmo polos demais interesados (artigos 85 LPAP e 75 RBEL).

Terceiro.- É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso. O título habilitante necesario sería a autorización administrativa, dado que a ocupación efectúase con instalacións desmontábeis, sempre e cando a duración do aproveitamento non exceda de catro anos, caso no que procedería a concesión administrativa (artigo 86 LPAP).

Cuarto.- O órgano competente para o outorgamento da presente autorización é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no o artigo 127.1.f da LBRL, que lle atribúe a xestión do patrimonio.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Autorizar a AC. Hotel Vigo SL. a ocupación do dominio público mediante a instalación dunha terraza na Rúa Montero Rios, fronte o antigo Hotel Universal, de acordo co “Proyecto Básico y Ejecución de acondicionamiento y recuperación de la terraza del Hotel Universal” redactado polos arquitectos D. José Luis Pereiro Alonso e D. Borja Ramilo Méndez, visado polo colexio oficial en data 04/07/2006 e 29.11.2007, e con sometemento as seguintes condicións xurídicas e técnicas:

Condicións xurídicas

1. *A autorización comprende exclusivamente o dereito a ocupar a vía pública coa instalación da terraza proxectada, non implicando en ningún caso cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o mesmo.*
2. *A terraza adicarase aos usos e actividades hoteleiras complementarias do Hotel Universal ao que da frente, con exclusión expresa de calquera outro uso ou fin.*
3. *A terraza e as súas instalacións estarán en todo momento en perfecto estado de conservación, debendo proceder a entidade autorizada, en caso contrario, a súa reparación ou substitución. Todos os gastos de mantemento e conservación corresponderánlle á dita entidade.*

AC. Hotel Vigo SL. responderá dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou á propia administración municipal, como consecuencia do seu estado de conservación e mantemento, ou da súa utilización e funcionamento.

4. *O Excmo. Concello de Vigo reservase a facultade de inspeccionar o estado da terraza e instalacións, a utilización dos mesmos aos fins autorizados e o estado da beirarrúa sobre a que están instalados. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ao efecto, procedéndose en caso contrario a revocación da autorización.*
5. *O Concello carece de responsabilidade algunha sobre a terraza e as súas instalacións, non respondendo dos posibles danos, avarías, deterioros ou destrución total ou parcial que poida sufrir, incluso por feitos derivados de actos de terrorismo, sabotaxe, vandalismo, fortuitos ou forza maior.*
6. *Cando por necesidades desta Administración fora precisa a reubicación da terraza, o seu traslado será por conta da entidade autorizada.*
7. *A presente autorización resulta condicionada ao otorgamento da correspondente licenza urbanística, pola Xerencia Municipal de Urbanismo, ó “Proyecto Básico y Ejecución de acondicionamiento y recuperación de la terraza del Hotel Universal” anteriormente sinalado, e sen prexuízo das demais autorizacións que requira.*

No prazo dun ano, dende a data da formalización en documento administrativo da presente autorización, debера terse outorgada dita licenza urbanística.

A presente autorización estará suxeita ao aboamento das taxas correspondentes por ocupación da vía pública, de acordo co disposto na Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Público Local.

8. *A entidade autorizada deberá depositar unha fianza por importe de 6.869,90 € (seis mil oitocentos sesenta e nove euros con noventa céntimos) para responder dos danos que se poidan ocasionar ao dominio público ocupado, nas operacións de instalación- desinstalación da terraza ou no desenvolvemento da actividade, e do cumprimento pola autorizada das demais obrigas previstas na presente autorización.*
9. *A autorización outorgarase por prazo dun ano, prorrogábel tacitamente por períodos anuais se non media denuncia por ningunha das dúas partes, cunha antelación mínima de dous meses ao remate do prazo en vigor, e ata un máximo de catro anos (incluídas as prórrogas).*

O prazo computarase dende a data da notificación da licenza urbanística a que se atopa condicionada a autorización.

10. A presente autorización non será transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel de ser gravada con carga ningunha.

11. A autorización extinguiráse pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a autorización ou denuncia de calquera das prórrogas.
- b) Renuncia da empresa á autorización.
- c) Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.
- d) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.
- e) A non concesión da licenza urbanística no prazo previsto.
- f) Disolución, fusión ou escisión da empresa.
- g) Revocación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sen xerar dereito á indemnización, o que deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima de tres meses.

12. Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá á retirada da terraza e instalacións da vía pública, nun prazo máximo de quince días dende a data da notificación da extinción, correndo do seu cargo os gastos que se xeren, e debendo repoñer o dominio público municipal ao seu estado orixinal.

Condicións técnicas:

- Deberán comunicar por escrito ao Servizo de Electromecánicos o inicio das obras para realizar conxuntamente a Acta Inicial de Replanteo.
- O emprazamento exacto dos puntos de luz, arquetas e trazado das liñas definirase conxuntamente e definitivamente cos Técnicos Municipais no Replanteo previo á execución da instalación.
- Antes de proceder á posta en servizo de dita instalación, xirarase inspección á mesma co obxecto de comprobar que as obras realizadas axustanse ao proxecto presentado e están de acordo co Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, na súa instrucción técnica complementaria ITC-09, co Regulamento Municipal Regulador das Instalacións de Alumeado Público do Concello de Vigo e coa normativa de aplicación vixente.
- Para obter o informe favorable da instalación de alumeado deberán entregar a documentación necesaria e oportuna para legalizar a instalación ao Servizo de Electromecánicos (Copia da acta de replanteo, Proxecto específico eléctrico das instalacións de Alumeado, Dirección de Obra das Instalacións, Informe dun OCA, Boletín do Instalador e Características Técnicas dos materiais empregados).

Segundo.- A presente autorización formalizaráse en documento administrativo nun prazo de 15 días dende a data da notificación do presente acordo ao solicitante.

Terceiro.- Dar traslado da presente aos servizos municipais interesados.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(257).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe técnicos, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe do Servizo de Contratación, a Xunta de Goberno

local acorda:

A) Devolver a SCHINDLER S.A. a fianza por importe de 7.921,61 € constituída para responder da “subministración e instalación de 2 ascensores na Casa do Concello xa que foi recibida mediante acta de 19.06.06 por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2170/241.

B) Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A.:

- A fianza de 1.215,01 € constituída para responder do “Pavimentado do Camiño de Fragosiño” xa que as obras foron recibidas mediante acta de 2.09.01 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1626/241.
- A fianza de 4.230,64 € constituída para responder do “Pavimentado da Avda. Da Florida” xa que as obras foron recibidas mediante acta de 2.09.01 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1625/241.

C) Devolver a MARISTER FAÍLDE FERREIRO a fianza por importe de 890 € constituída para responder da “Redacción do Proxecto de reconstrucción do antigo Colexio Alemán” xa que foi recibido mediante acta do 7.06.07 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2171/241.

D) Devolver a DIELECTRO INDUSTRIAL S.A. a fianza por importe 8.000 € constituída para responder da “Subministración de material eléctrico” xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 2164/241.

28.- RECLAMACIÓN DE D^a. CELSA DE JESÚS GONZÁLEZ DAVILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1517/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 7.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

Antecedentes:

D^a. Celsa de Jesús González Davila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de marzo de 2007, no que expón que o día 8 de decembro de 2006, o vehículo de súa propiedade, con matrícula GC-9346-BZ estando estacionado na rúa Bueu, á altura dos números 6 e 8, recibiu o impacto dun colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais ó dito vehículo.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte de servizo da Policía Local, de data 08/12/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a existencia de dous vehículos danados polos colectores de lixo na rúa Bueu, sendo un deles o de propiedade da Sr. González.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 17/04/2007, comunicando que os prezos contidos no informe pericial de Seguros Bilbao, presentado pola reclamante, por un importe de 244,47 euros IVE incluído, son correctos.*
- *Informe do servizo de Limpeza, de data 18/01/2007, sobre as últimas datas de intervención por parte das empresas concesionarias que manipulan os colectores de lixo, anteriores ó accidente.*
- *Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que formula alegacións en data 15/05/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contener-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 28/05/2007*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 31/05/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. González, e que queda acreditado coa presentación dun informe pericial dos danos que presenta o seu vehículo.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81. LALG) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente caso, do informe da Policía Local despréndese que o colector bateu no vehículo, causándolle diversos danos, polo que a informante conclúe que se dá unha relación directa entre o dano e o que se constata como un deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. González, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. A reclamante achega ó expediente un informe pericial de Seguros Bilbao, por un importe de 244,47 euros que o Servizo de Parque Móbil estima correcto, resultando procedente o seu aboamento.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D^a. Celsa de Jesús González Davila, en data 23 de marzo de 2007, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta, indemnizándoa coa cantidade de 244,47 € en concepto de danos e prexuízos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(258).- RECLAMACIÓN DE D.MANUEL PÉREZ ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1443/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 8.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Manuel Pérez Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 12 de febreiro de 2007, no que expón que o día 9 de febreiro de 2006, cando circulaba polo camiño da Balada co vehículo da súa propiedade, con matrícula PO-9486-Z, sufriu e danos materiais tras pasar por enriba dunha reixa que se atopaba fóra da súa ubicación.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do Servizo da Policía Local de data 9.12.2006 no que manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Pérez relátalles o accidente que tivera. Igualmente, comprobán a existencia de danos no vehículo e a reixa desprazada do seu lugar.*
- Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 2.3.2007, sobre o lugar onde a reclamante indica ter ocorrido o accidente*
- Informe do Servizo de Parque Móbil de 11.4.2007 sobre os prezos contidos na factura achegada polo reclamante.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que fai alegacións en data 30.5.2007.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que fai alegacións en data 12.6.2007..*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Terceiro.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial).

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, solicitouse informe á Policía local, por se tivesen constancia do accidente, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que non teñen constanza ningunha del.

Do parte de servizo da Policía Local de Vigo resulta acreditado que os axentes actuantes comprobaron que a rexilla pertencía a unha arqueta de recollida de augas pluviais e regadío que se atopaba no centro da calzada, nunha zona estreita e mal iluminada, e que se atopaba completamente dobrada sobresaíndo uns 20 cm da rasante, co vehículo propiedade do reclamante no que se observaban danos consistentes en dous fortes golpes que aafectaban ó carter con perda de aceite e ó motor. Os danos, que foron reparados por un importe de 648,13 euros segundo factura achegada foron estimados correstos polo Servizo de parque móbil do Concello.

En mérito ó que antecede, acreditado un dano e a súa relación causal co funcionamento dun servizo público municipal, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Don Manuel Pérez Alonso por un accidente co seu vehículo matrícula PO_9486-Z no camiño da Valada de Vigo ocorrido o 9 de decembro de 2006 por resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal , e indemnizalo na contía de 648,13 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(259).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DEL CARMEN GARCÍA FERNÁNDEZ DE

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1397/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 30.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna.Maria del Carmen García Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 15.1.2007, no que expón que o día 13.1.2007, mentres camiñaba pola rúa San Amaro xunto á esquina coa rúa Ramón y Cajal, sufriu unha caída tras tropezar contra o ferro cortado dun sinal de tráfico, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 13.1.2007, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a señora García relátalles o accidente que sufrira; igualmente comprobán o mal estado da beirarrúa (resto do sinal cortado e falta de lousas), e constatan as lesións da solicitante, que estaba a ser tratada por unha ambulancia no momento da chegada dos axentes.*
- Informe do Servizo de seguridade e circulación viaria de data 31.5.2007 sobre o sinal suposto causante do accidente..*
- Práctica de proba testemuñal, en data 20.7.2007, á testemuña proposta pola reclamante.*
- Ditame para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 1.548,22 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante en data 9.8.2007, quen non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente.

E así, resulta acreditado que a solicitante caeu o día 13 de xaneiro de 2008, na beirarrúa, ó tropezar cos restos

dun sinal que se atopaba no lugar, a consecuencia do que sufriu lesións, que o ditáme médico solicitado ó efecto e que consonte co art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26.11. serve de motivación a esta resolución, cuantifica en 1.548,22 euros.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25.1.1974 ou 5.11.1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Da proba testemuñal practicada constátase que os defectos na beirarrúa e o anaco de sinal que sobresalía uns centímetros da beirarrúa era visíbel, a uns 50 metros di a testemuña, non constituíndo, polo tanto, un defecto ou trampa oculto, polo que consonte coa doutrina citada (dítame 748/2006 CC Galicia en suposto similar para un anaco de sinal que sobresalía 2 ou 3 cm) teríase que desestimar a reclamación presentada.

Non obstante, hai unha circunstancia que consta no expediente que atempera en parte o anterior: que Dña. María del Carmen García Fernández é unha persoa maior, o que supón de por si maiores limitacións no propio deambular. Cómpre indicar ó respecto que nestes supostos resulta de aplicación a xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 22/07/1998), que di que naqueles casos nos que o dano poida acaecer por concorrencia de causas imputábeis unhas á Administración por funcionamento anormal do servizo e outras a persoas alleas e inclusive ó propio prexudicado, proceden criterios de compensación (asumindo cada unha a parte que lle corresponde) ou de atemperar a indemnización as características ou circunstancias concretas do caso examinado.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, pódese concluír que resultando os defectos na rúa visíbeis, tendo en conta as circunstancias sinaladas, pódese concluír que hai unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, polo que procede indemnizar a solicitante co 50% da valoración da indemnización por danos corporais estimada no ditame emitido pola Asesoría médica do Concello, isto é, coa cantidade de 774,11 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dña. María del Carmen García Fernández por unha caída ocorrida o día 13 de xaneiro de 2007 na rúa San Amaro de Vigo e indemnizala coa contía de 774,11 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(260).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA CATALINA CASARES RIVERA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1224/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 4.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dña. María Catalina Casares Rivera presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 19.9.2006, no que expón que o día 25.4.2006, mentres camiñaba pola rúa Rosalía de Castro tivo unha caída por mor da existencia dunha lousa que se atopaba levantada na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 25.4.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, atópanse á reclamante sentada no chan tras a caída, e comprobán a existencia dunha lousa levantada.*
- *Informes do Servizo de vías e obras de datas 10.10.2006, 3.1.2007, e 22.11.2007.*
- *Práctica de proba testifical, con data 16.11.2006, á testemuña proposta pola reclamante.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica á vista da documentación médica achegada en 396,00 euros.*
- *Evacuáanse trámites de audiencia á reclamante en datas 21.2.2007 e 28.12.2007, que fai alegacións o 7.3.2007.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. E así, resulta acreditado que a reclamante recibiu asistencia médica no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo ás 19.11 h do día 25.4.2006 por unha contusión costal, lesións que o ditáme médico solicitado ó efecto á vista da documentación achegada valora en 396,00 euros.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración,

tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25.1.1974 ou 5.11.1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Do parte de servizo da Policía Local constátase o deficiente estado da beirarrúa o día de caída. Así mesmo, da proba testifical practicada que a causa da caída o foi unha lousa defectuosa na rúa . Ó respecto procede ter en conta as manifestacións da testemuña de que a loseta solta non era facilmente visíbel senón que había que estar relativamente cerca para poder apreciála, así como a idade da reclamante como factor concorrente.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, pódese concluír que resulta acreditado o preciso nexos causal entre as lesións padecidas pola reclamante e o funcionamento dun servizo público municipal, polo que procede indemnizala, aínda que non na cantidade reclamada senón que na cantidade na que se avaliaron en ditame médico, isto é en 396,00 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Maria Catalina Casares Rivera, por unha caída ocorrida o día 25 de abril de 2006 na rúa Marqués de Valladares de Vigo, e indemnizala coa contía de 396,00 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(261).- RECLAMACIÓN DE D^a. SUSANA IGLESIAS VÁZQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1569/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 14.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

D^a. Susana Iglesias Vázquez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de abril de 2007, manifestando que o día 18 de abril de 2007, D^a. Carolina Iglesias Vázquez, estacionou o vehículo da súa propiedade, con matrícula 4661-BTT, na rúa Cánovas del Castillo, á altura do número 2, resultando danada a pintura do mesmo por mor do po desprendido ó realizar tarefas limpeza da fachada dun edificio operarios do Concello de Vigo.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Limpeza, de data 03/05/2007, manifestando non teren constancia dos feitos

reclamados.

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 06/06/2007, no que indican non teren constancia de que se tivese realizado ningunha limpeza de fachada ou ningunha outra obra no lugar indicado na reclamación.
- Informe do servizo da Policía Local, de data 22/06/2007, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 03/07/2007, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Fontán, presentado pola reclamante, por un valor de 478,29 euros son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 18/07/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Iglesias, que acredita cun presuposto de reparación nun taller mecánico os danos sufridos polo seu vehículo, o cal foi presentado nas instalacións do Parque Móbil municipal. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse os servizos de Limpeza e de Vías e Obras municipais ningún dos cales ten constancia de que os traballos de limpeza do edificio fosen realizados por operarios municipais. Tamén solicitou informe á Policía Local, por se tivera constancia dos presuntos danos. No entanto, a Sra. Iglesias ó sufrir o presunto accidente non chamou á Policía local para que a autoridade pública tivera coñecemento dos feitos, nin tampouco durante a instrución do procedemento presentou testemuña presencial do accidente que podiera dar fe da súa realidade e da causa do mesmo. E se ben non existe dúbida da existencia de danos no vehículo, extremo verificado polo Parque Móbil municipal, non

existe o menor indicio no expediente de que estes poidan estar vinculados co funcionamento anormal do servizo de limpeza municipal.

A vista destes datos, a informante conclúe que, se ben non existe dúbida de que o vehículo da Sra. Iglesias sufriu danos, non existe proba ningunha da súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Susana Iglesias Vázquez, en data 27 de abril de 2007, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(262).- RECLAMACIÓN DE D. FRANCISCO JAVIER OTERO GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1548/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 11.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).
- Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (LTr).

Antecedentes:

D. Francisco Javier Otero García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de abril de 2007, no que expón que o día 10 de febreiro de 2007, cando circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-2380-BP, pola rúa Becerreira, sufriu danos materiais no mesmo por mor da existencia dunha focha no bordo da calzada.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 10/02/2007 no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Otero relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban a focha que invadía a zona de rodadura e as súas dimensións, indicando a necesidade de que Vías e Obras repare a calzada.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 24/05/2007, sobre o estado do lugar do accidente.

- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 28/05/2007, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de ITEM, presentado polo reclamante, por un valor de 496,10 euros son correctos.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 08/06/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciado no patrimonio do Sr. Otero, e que queda acreditado coa presentación dun informe pericial dos danos sufridos no seu vehículo.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALG). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter as vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do viario. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente suposto parece indubidable o feito da existencia dunha focha de grandes dimensións na calzada, tal e como se desprende dos informes da Policía Local e do Servizo de Vías e Obras.

Sen embargo, esta circunstancia non representaba un perigo para a circulación, pois tal e como manifestan os axentes actuantes da Policía Local a focha se atopaba no marxe dereito da calzada. Observando as fotografías que obran no expediente a calzada ten anchura suficiente para circular cun turismo, categoría na que se encadra o vehículo do Sr. Otero, sen invadir o marxe dereito da mesma. E se ben o reclamante manifesta que no momento do accidente se cruzou cun camión o que propiciou que se achegase ó marxe dereito da calzada, non existe proba desta circunstancia, circunstancia que segundo as regras xerais da carga da proba lle corresponde probar ó reclamante. Neste senso, establece a lei que a carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). No entanto, aínda cando o Sr. Otero puidese probar a responsabilidade dun terceiro, o condutor do camión, no accidente sufrido, segundo reiterada xurisprudencia “entre la actuación administrativa y el daño tiene que haber una relación de causalidad, una conexión de causa y efecto, ya que la Administración sólo responde de los daños verdaderamente causados por su propia actividad o por sus propios servicios, no de los daños imputables a conductas o hechos ajenas a la organización o a la actividad administrativa, pues la

responsabilidade da Administración no pode ser tan ampla que alcance a los danos derivados de actos puramente personales de otros sujetos de derecho que no guardan relación alguna con el servicio” (STS da Sala do Contencioso-administrativo de 24 de abril de 2003). Podemos concluir, polo tanto, que non se aprecia nexos de causalidade entre os danos padecidos polo Sr. Otero e o funcionamento anormal do servizo viario municipal. O carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial non supón que a Administración haxa de responder de todas as lesións que se produzan no ámbito do servizo público, sendo preciso para illo que a lesión poida imputarse ó funcionamento do servizo, quedando exonerada a Administración cando a intervención dun terceiro ou do propio prexudicado reviste a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, quebrando a relación co servizo público en cuxo ámbito se teñen producido os feitos, aínda cando o funcionamento do mesmo sexa defectuoso. Así se reflicte en [sentenzas do Tribunal Supremo como as de 27 de decembro de 1999 e 9 de maio de 2001](#), segundo as cales, «es doctrina jurisprudencial consolidada la que sostiene la exoneración de responsabilidad para la Administración, a pesar del carácter objetivo de la misma, cuando es la conducta del propio perjudicado o la de un tercero la única determinante del daño producido aunque hubiese sido incorrecto el funcionamiento del servicio público ([Sentencias, entre otras, de 21 de marzo, 23 de mayo, 10 de octubre](#) y 25 de noviembre de 1995, 25 de noviembre y [2 de diciembre de 1996](#), 16 de noviembre de 1998, [20 de febrero, 13 de marzo](#) y [29 de marzo de 1999](#))».

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Francisco Javier Otero García, en data 12 de abril de 2007, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probada a existencia de relación de causalidade entre o accidente sufrido polo Sr. Otero e o funcionamento de ningún servizo público municipal ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(263).- RECLAMACIÓN DE D. MARCOS FERNÁNDEZ GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1554/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA. EXPTE. 1554/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 11.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións locais (RS).
- Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (LEF).

Antecedentes:

D. Marcos Fernández García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de abril de 2007, no que expón que o día 29 de decembro de 2006, cando circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula 64643-BWZ, pola estrada de Longra (Coruxo), á altura do número 25, sufriu danos materiais no mesmo por mor da existencia dunha focha na calzada.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 29/12/2006 no que os axentes actuantes manifiestan que, persoados no lugar dos feitos, D. Diego Fernández García (conductor do vehículo) relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia de danos no vehículo e dunha focha na calzada, tras unha curva.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/05/2007, sobre o estado do lugar do accidente, indicando que a focha existente está relacionada cunha avaría na rede de abastecemento de auga.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 19/06/2007, manifestando que os prezos contidos na factura nº T 2700303 de Rodovigo S.L., presentada polo reclamante, por un valor de 103,24 euros son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 17/07/2007.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 06/08/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio do Sr. Fernández, que queda acreditado coa presentación dunha factura dun taller mecánico de reparación dos danos sufridos no seu vehículo. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.ll e 26.1.a LBRL e 80.2.ll e 81.a LALG). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª RS e 121.2 LEF imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputable a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Tras o exame do expediente, a xuízo da informante, parece presumible a veracidade da relación dos feitos realizada polo reclamante. Así, se ben á chegada da Policía Local ó lugar dos feitos o accidente xa tiña acaecido e os axentes non foron testemuñas presenciais do mesmo, se poden dar fe da realidade da existencia dunha focha na calzada mal estado e de danos no vehículo do Sr. Fernández. A inspección do servizo de Vías e obras manifesta ó respecto que a focha foi orixinada “pola desfeita dunha reposición de formigón nunha cala feita no seu día para o arranxo dunha avaría na rede de abastecemento de auga”. A empresa Aqualia acepta esta responsabilidade en trámite de audiencia.

Cuarto.- As reclamacións de responsabilidade patrimonial, cando se trate de servizos concedidos, se dirixirá á Administración que outorgou a concesión (artigo 123 LEF), na forma prevista no paragrafo segundo do artigo 122 da mesma lei, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso. A vista da documentación que obra no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produzo debido a existencia dunha focha na calzada derivada dunha mala reposición con motivo dunha avaría, polo que a informante conclúe que a responsabilidade dos danos correspóndelle a concesionaria, por un defecto de mantemento da rede de sumidoiros.

Quinto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a Aqualia a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. Sr. Fernández, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O reclamante achega ó expediente unha factura de reparación do seu vehículo dun taller mecánico por un importe de 103, 24 €, que o servizo de Parque Móbil do concello, estima correcta, resultando procedente o seu aboamento.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Marcos Fernández Garcia en data 18 de abril de 2007.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 103, 24 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(264).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1556/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 12.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións locais (RS).*
- *Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (LEF).*

Antecedentes:

Dª. María Isabel Fernández López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de abril de 2007, no que reclama danos e perdas polo corte do subministro de auga á vivenda sita na rúa Cataboi nº 37 (cuxo titular de contador era D. Miguel Ángel Rodríguez González), ocorrido ese mesmo día.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 29/06/2007, no que indican que o corte do subministro se debeu á constancia dun débito no pagamento do servizo que fora notificado en varias ocasións; igualmente, que o subministro de auga foi repostado na mesma mañá en que se producira o seu corte.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante (mediante a publicación por editos), en data 30/08/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de

determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.11 e 26.1.a LBRL e 80.2.11 e 81.a LALG). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª RS e 121.2 LEF imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible.

O primeiro requisito esixible para poder apreciar a responsabilidade patrimonial é a existencia dun dano. No presente suposto, a Sra. Fernández reclama unha serie de gastos supostamente relacionados co corte do subministro de auga: unha comida, un tratamento de fisioterapia, gastos de locomoción, peaxe e aparcamento e ademais unha indemnización de 600 € polos supostos danos morais que lle orixinou a súa familia este corte do subministro. Máis, a xuízo da informante, a Sra. Fernández non proba a existencia de dano ningún. Neste senso, establece a lei que a carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Segundo informa a empresa responsable do subministro, Aqualia, a orixe do corte foi unha débeda de 19, 04 € correspondente o bimestre maio-xuño de 2006. débeda que foi reclamada e notificada o aboado en tres ocasións (en datas 10 e 21 de xullo de 2006 e 31 de xaneiro de 2007) e se lle avisou do corte en data 12 de marzo de 2007, con máis dun mes de antelación a data efectiva do corte (19 de abril do mesmo ano), sen que fora atendida a solicitude de pago nin se alegara a improcedencia da reclamación, pois como reconece a mercantil, a débeda derivou dun erro na lectura do contador e o subministro de auga, constatado o erro, se repuxo a mesma maña na que se produzo o corte, circunstancias que non son discutidas pola reclamante durante a instrución do expediente, do que se deduce que esta conforme co relato fáctico realizado por Aqualia. Dado que o corte do subministro apenas durou unhas horas da maña do 19 de abril de 2007, non parece procedente o aboamento da comida nun restaurante e os gastos de desprazamento ata o mesmo, gasto que non se xustifica que teña sido necesario a consecuencia do corte do subministro de auga. Tampouco se establece unha relación directa entre as trece sesións de fisioterapia que necesitou a Sra. Fernández para curarse dunha contractura no lombo e este corte de subministro, circunstancia que debeu avalarse cun informe médico que acreditara este extremo. E a xuízo da informante, un corte de subministro dunhas horas, que puido ser evitado tan so atendendo ós requirimentos de Aqualia e xustificando o pago dos recibos, non é suficiente para provocar danos morais á reclamante e a súa familia. Á vista destes datos, temos que concluír que fallan os presupostos esenciais da responsabilidade patrimonial a efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas e a súa relación causal co funcionamento, normal ou anormal dos servizos públicos municipais.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dª. María Isabel Fernández López en data 19 de abril de 2007, por non por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probados nin os supostos danos nin o nexos de causalidade entre os mesmos eo funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(265).- RECLAMACIÓN DE D^a. MIRIAM PEREIRA VÁZQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1535/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 8.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

Antecedentes:

D^a. Miriam Pereira Vázquez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de abril de 2007, no que expón que o día 25 de novembro de 2006, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula 8308-DJH, pola rúa Espedrigada, chocou contra un cable tensor dun poste de madeira que invadía a calzada, producíndose danos materiais.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 01/02/2007, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Pereira relátalles o accidente que sufrira; igualmente comprobán a existencia de danos no vehículo .*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 23/05/2007, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Winterthur Seguros, presentado pola reclamante, por un importe de 378,80 euros IVE incluído son correctos.*
- *Informe do servizo de Electromecánicos, de data 04/06/2007, no que indican que tanto o poste de madeira como cable tensor ós que fai referencia a denuncia son da compañía Telefónica.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 17/07/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Pereira, que queda acreditado coa presentación dun informe pericial dos danos sufridos no seu vehículo.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Segundo informa o servizo de Electromecánicos, en data 04/06/2007, tanto o poste de madeira como o cable tensor ós que fai referencia a denuncia pertencen á compañía Telefónica. Ó ser o cable causante do accidente propiedade dun terceiro alleo a esta Administración, a mercantil Telefónica, responsable do seu mantemento en perfectas condicións de seguridade, o Excmo. Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no presente procedemento e non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal, polo que fallan un dos presupostos esenciais para que entre en xogo o mecanismo da responsabilidade patrimonial. Neste senso, segundo reiterada xurisprudencia “entre la actuación administrativa y el daño tiene que haber una relación de causalidad, una conexión de causa y efecto, ya que la Administración sólo responde de los daños verdaderamente causados por su propia actividad o por sus propios servicios, no de los daños imputables a conductas o hechos ajenas a la organización o a la actividad administrativa, pues la responsabilidad de la Administración no puede ser tan amplia que alcance a los daños derivados de actos puramente personales de otros sujetos de derecho que no guardan relación alguna con el servicio” (STS da Sala do Contencioso-administrativo de 24 de abril de 2003).

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Miriam Pereira Vázquez, en data 4 de abril de 2007, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó ser o cable causante do accidente propiedade de un terceiro alleo a esta Administración, polo que non existe relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(266).- XORNADAS DE REFORZO DE D. PABLO VILA CAMPOS CORRESPONDENTES A NOVEMBRO DE 2007. EXPTE. 18050/220.

Examinadas as actuacións do expedientes, visto o informe de fiscalización, do 18.02.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 12.02.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de produtividade ao membro do Corpo da Policía Local, D Pablo Vila Campos, con n de persoal 79121, correspondente a xornada de refozo realizada o día 5 de novembro de dentro do programa de reforzos da Policía Local, consistente na realización de 5 xornadas de libre disposición que se realizaran dende o 23 de agosto e o 31 de decembro de 2007,

por un importe de 199.96 €, dos que con cargo a partida 1210.1500000 “Productividade”.

38(267).- NOCTURNIDADE E FESTIVIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL, DECEMBRO 2007-XANEIRO 2008. EXPTE. 18051/220.

Examinadas as actuacións do expedientes, visto o informe de fiscalización, do 18.02.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 12.02.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	Relacion que comenza e remata por	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Decembro 07	Basilio Costas Fernandez	504,35	114,40	618,75
Alcaldía	Decembro 07	Cesareo Rocha Parames	65,45	0,00	65,45
Electromecánicos	Decembro 07	Damaso Aias Rodriguez	57,75	236,60	294,35
Instituto Mpal. Deportes	Decembro 07	De Sergio Rey Estevez a Francisco Rial Estevez	83,74	10,40	94,14
Limpeza	Decembro 07	Juan Jose Hermida Sanmartin	223,30	338,00	561,30
Bombeiros	Xaneiro 08	De Carlos Abalde Fernnandez a Jose B Villaverde Veleiro	3.560,58	2.824,90	6.385,48
Cemiterios	Xaneiro 08	De Jesus Alfonso Sanmartin a Delimiro Vilanova Acuña	2.136,50	0,00	2.136,50
Conserxería	Xaneiro 08	M teresa Vaqueiro Herbelo	92,36	0,00	92,36
Desinfección	Xaneiro 08	De M Salome Araujo Rodriguez a Jose Manuel Sousa Atrio	188,64	169,60	358,24
Parque Mobil	Xaneiro 08	De Amador Alvarez Bernardez a J Genaro Vulcano Ferreyra	1.010,01	986,46	1.996,47
Parque Central	Xaneiro 08	De Emilio Aira Pereiro a Jose Antonio Rodriguez Souto	903,90	739,35	1.643,25
Policia Local	Xaneiro 08	De Manuel Aballe Gonzalez a Juan Guillermo Vivero Mljares	29.233,57	24.709,30	53.942,87
Policia Local (horas en exceso)	Xaneiro 08	De Diegp Alvarez Campos a Francisco Jose Vila Campos	2.270,59	461,17	2.731,76
Policia Local (asistencia xulgado)	Xaneiro 08	De Manuel Fernando Aguado Taboada a Francisco Jose Vila Campos	3.552,72	0,00	3.552,72
Policia Local (asistencia xulgado)	Novembro 07	De Constante Alonso Caride a Ramon Vidal Macia	1.232,00		1.232,00
Policia Local (horas em exceso)	Novembro 07	De Apblo Antepazo Brun a Lucia Vidal Lorenzo	595,79	115,70	711,49
Museo de Castrelos	Xaneiro 08	De Jose Manuel Ogando Lopez a Amantino Fernandez Fernandez	284,20		
Limpeza	Xaneiro 08	De Juan Jose Hermida Sanmartin a Jose Manuel Lojo Pancorbo	381,21	824,15	1.205,36
	TOTAL		46.376,65	31.530,03	77.622,49

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 77.662,49 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

39(268).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO OFICIAL DE PERSOAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS E PROTECCIÓN CIVIL, 4º TRIMESTRE 2007. EXPTE. 18053/220.

Examinadas as actuacións dos expedientes, visto o informe de fiscalización, do 18.02.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.02.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

A instrucción terceira, apartado g) de data 30 de maio de 2005 sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o presente exercicio, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da condución de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de 3'12 € por día, que para o ano 2007 o importe será de 3'24 €, en relación co IPC correspondente para este ano.

Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Recíbense na Unidade de Persoal, debidamente asinado polo Xefe do servizo e o Concelleiro delegado, informes do servizo de Vías e Obras no que se relaciona o persoal con dereito a percibir o complemento de produtividade sinalado no parágrafo anterior, correspondente ao 4º trimestre do ano 2007, relación que contén a D Jose Luis Vazquez de Francisco, por un importe total de 64.80 €, a D Daniel Dominguez Alonso, por un importe total de 71.28 €, a D Jose Carlos Gutierrez Rodriguez, por un importe de 45.36 €, a D Jose Manuel Martinez Gonzalez, por un importe de 106.92, correspondentes todos eles ao 4º trimestre do ano 2007

Recíbense informes do Servizo de Extinción de Incêndios e salvamento, de data 3 de xaneiro de 2008, asinado polo Xefe do Servizo e o Concelleiro Delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade nos que se relaciona aos funcionarios Dª Mª Luz Palmas Calvar e D J Manuel Garcia Garcia, ambos con dereito a percibir o complemento de produtividade referido e que supón un importe total de 320,76 €, correspondente ao 4º trimestre do ano 2007.

Recíbese informe de Protección Civil, asinado polo Xefe da Área e o Concelleiro delegado no que se relaciona ao D Jose Antonio Sande Vazquez, con dereito a percibir o complemento retributivo referido, cun importe total de 184.68 € correspondente ao 4º trimestre do ano 2007

O importe total dos informes referidos anteriormente e correspondentes ao 4º trimestre do ano 2007:

SERVICIO	NOMBRE	TRIMESTRE	€/DÍA	3,24
			Nº DÍAS	IMPORTE
Vías e Obras	José Luis Vázquez de Francisco	4º T 2007	20	64,8
Vías e Obras	Daniel Domínguez Alonso	4º T 2007	22	71,28
Vías e Obras	José Carlos Gutiérrez Rodríguez	4º T 2007	14	45,36
Vías e Obras	José Manuel Martínez González	4º T 2007	33	106,92
Protección Civil	José Antonio Sande Vázquez	4º T 2007	57	184,68
	TOTAL		146	473,04

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Vías e obras e Protección Civil, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 473.04 €, correspondentes ó 4º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(269).- PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DE PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, SETEMBRO 2007. EXPTE. 18054/220.

Examinadas as actuacións do expedientes, visto o informe de fiscalización, do 18.02.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 12.02.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a don Antonio Amoedo García, que figura na relación adxunta no expediente e que supón un total de 53.22 €, correspondente o mes de setembro de 2007 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

41(270).- PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DE PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, XANEIRO 2008. EXPTE. 18055/220.

Examinadas as actuacións do expedientes, visto o informe de fiscalización, do 18.02.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 12.02.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de XANEIRO 2008, e que ascenden a un total de 1062.00 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

42(271).- GRATIFICACIÓN DOS SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA DO PERSOAL DE CEMITERIOS, XANEIRO 2008. EXPTE. 18056/220.

Examinadas as actuacións do expedientes, visto o informe de fiscalización, do 18.02.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.02.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de novembro-2007, e que ascenden a un total de 634.84 €, con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

43(272).- PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN, XANEIRO 2008. EXPTE. 18057/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 18.02.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Dona M^a Salome Araujo Rodriguez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Xaneiro de 2008 e que ascenden a un total 702.66 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

44(273).- GRATIFICACIÓN POLO SERVIZO DE GRAN GALA DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 18058/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 18.02.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.02.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da celebración da Entrega de medallas aos funcionarios xubilados da Policía Local e a Cabalgata de Reis do ano 2008, aboarase ó persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Carlos Perez Figueiras e remata por dona Jose Manuel Sierra Castelo, por unha cantidade total de 690,86 €.

45(274).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO DO 29.01.07 SOBRE ENERXÍA SOLAR TÉRMICA PARA AUGA QUENTE SANITARIA NO PARQUE CENTRAL. EXPTE. 2/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe da Área de Servizos Xerais, do 14.02.08, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

En data 29 de xaneiro de 2007, a Xunta de Goberno Local en base ao informe-proposta do Coordinador de Área de Servizos Xerais, o cal se achega, adoptou o seguinte acordo:

"1º.- Autorizar á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), o uso dunha superficie de 60 m² da cuberta do edificio do Parque Central ao obxecto de instalar un sistema de captación de enerxía solar térmica, destinado a abastecer unha parte das necesidades de auga quente sanitaria do Parque Central.

2º.- Crear unha Comisión Técnica, formada polo Xerente do Parque Central en representación do Concello de Vigo e polo Director da Axencia de Enerxía en representación da mesma, a cal se reunirá periódicamente cando menos unha vez ao mes co obxecto de levar a cabo o seguimento e control.

3º.- A autorización á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía (FAIMEVI) será por

un período de 5 anos, prorrogables sucesivamente por outros períodos iguais, sempre coa conformidade da ambas partes e tendo en conta os criterios de opción de compra e valor residual da instalación según se describe no apartado 5.5. da proposta de actuación."

Nembargantes, ainda que nos antecedentes do informe, penúltimo paragrafo, faise referencia a que "O Parque Central aboará á Axencia de Enerxía pola enerxía consumida un prezo un 10% inferior ao coste de producir esa mesma enerxía mediante a fonte fósil de enerxía actualmente utilizada", e xa que este non se incluía nos apartados que compoñen o acordo. E polo que faise a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Añadir ao acordo de data 29 de xaneiro de 2007 un apartado novo nº 4 co seguinte contido:

4º.- O Parque Central aboará á Axencia de Enerxía pola enerxía consumida un prezo un 10% inferior ao coste de producir esa mesma enerxía mediante a fonte fósil de enerxía actualmente actualizada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

46(275).- AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS:

A) RÚA ESPERANZA 8, 1º A. EXPTE. 335/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación, do 29.01.08, e polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 23/11/07 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ ESPERANZA 8, 1º, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Mª.Luisa Niel Otero (DNI/NIF nº 35868086T) a axuda de 5.767,00 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 2.884,00 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 2.883,00 euros.

TERCEIRO.- Conceder definitivamente a cantidade de 5.767,00 euros con cargo á partida 4320.7800700 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

B) RÚA REAL 53 A. EXPTE. 337/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación, do 24.01.08, e polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación dos elementos comúns do inmoebel localizado en R./ REAL 53, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase).

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MF
Domingo Paz Blanco	R./ REAL 53, 0 -	34870352Y	3.956,10	7.000	1.483,54	741,77	741,77
Domingo Paz Blanco	R./ REAL 53, 1º	34870352Y	4.310,43	7.000	1.616,41	808,21	808,20
Domingo Paz Blanco	R./ REAL 53, 2º	34870352Y	4.310,43	7.000	1.616,41	808,21	808,20
Domingo Paz Blanco	R./ REAL 53, 3º	34870352Y	4.360,46	7.000	1.635,17	817,59	817,58
Domingo Paz Blanco	R./ REAL 53, 4º	34870352Y	3.903,99	7.000	1.463,98	731,99	731,99
TOTAL			20.841,41	35.000	7.815,51	3907,7	3907,74

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, a axuda proposta que será financiada polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidades descritas no cadro.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

47(276).- ADHESIÓN A MODELO DE ESTATUTOS E BASES DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO NO POLÍGONO Nº 2 DO PERI IV-02 SAN ROQUE. RECURSOS DE REPOSICIÓN. EXPTE. 4726/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 7.02.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

Na Xunta de goberno local de data 14.05.07 adoptouse o seguinte acordo: "(...) Primeiro: Aplicar á xestión do "polígono II do PERI IV-01 San Roque A" o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004). Segundo: Aprob-

la constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada por escritura de 1.02.07, ante o Notario do ilustre. Colexio de Galicia, don José Antonio Somoza Sánchez (protocolo número 327). Así mesmo, requirir dos órganos rectores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no artigo 5º do rd 1093/97, de 4 de xullo. Terceiro: Nomear como representante municipal nesa Xunta de compensación ó concelleiro-delegado de urbanismo don José Manuel Figueroa Vila. Cuarto:- Instar da Xunta de Galicia a inscrición da Xunta de compensación no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras. Quinto:- Requirir ós propietarios non incorporados a fin de que no prazo máximo de UN MES, se o consideran oportuno, se adhieran perante notario á Xunta de Compensación, comunicándollo á mesma e a esta Administración municipal nese prazo. No caso contrario poderán ser obxecto de expropiación forzosa. Sesto:- Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación e a tódolos propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses (...)

Unha vez notificado o devandito acordo, as seguintes persoas presentaron recurso de reposición:

- Don Carlos Coladas Guzmán, e.r. de dona Concepción Estévez Alejos e don Amando Mosquera Meiriño (doc 70081490, 12.07.07).
- Don José Rufino Rojo del Prado e dona Dolores Araujo Fernández (docs 700866326 e 70087027, 26.07.07).

Así mesmo o 24.09.07 dona María Antonia Caseiro Guerra e dona Ermitas Guerra Rodríguez (doc 70105480).

De todos os documentos presentados se deu traslado á Xunta de compensación, informando sobre os mesmos por escritos de data 9.10.07 (doc 701125997 e 70112594).

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Admisibilidade dos recursos de reposición interpostos.- De acordo co previsto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, os recursos presentados por dona Concepción Estévez Alejos e don Armando Mosquera Meiriño (doc 70081490, 12.07.07) e don José Rufino Rojo del Prado e dona Dolores Araujo Fernández (docs 700866326 e 70087027, de data 26.07.07) son presentados en prazo e forma e teñen a calificación de recurso de reposición. Con respecto ó escrito presentado por dona María Antonia Caseiro Guerra e dona Ermitas Guerra Rodríguez (doc 70105480, data de presentación 24.09.07) non se trata propiamente dun recurso de reposición (que en todo caso, sería presentado fora de prazo), senón dunha solicitude de información referente ó planeamento e a xestión do polígono 1 e 2 do PERI IV 01 San Roque.

2.- Analise individualizada dos recursos de reposición e do escrito polo que se solicita información.- A seguir se da contestación individualizada a cada un dos recursos presentados:

* Recurso presentado por don Carlos Coladas Guzmán e.r. de don Concepción Estévez Alejos e don Amando Mosquera Meiriño (doc 70081490, 12.07.07).-

- En relación coa solicitude de revisión de oficio do acordo de 29.07.02 polo que se aprobou definitivamente a

modificación puntual número 23 do PXOM e de 28.07.04 de aprobación definitiva do PERI IV 01 San Roque (expte 10407/411) e a solicitude de suspensión dos efectos do planeamento de desenvolvemento.- A acción de revisión de oficio do acordo antedito foi inadmitida por acordo plenario de data 30 de xullo de 2007. No punto segundo do acordo plenario motívase suficientemente a inadmisión a trámite. A resolución foi notificada o 22.08.07. A seguir se reproduce o fundamento xurídico número dous:

“(…) O apartado primeiro do artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, dispoñe o seguinte: “(...)1.- Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 62.1. 2.-Asimismo, en cualquier momento, las Administraciones públicas de oficio, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma si lo hubiera podrán declarar la nulidad de las disposiciones administrativas en los supuestos previstos en el artículo 62.1 (...)”. Dunha rápida lectura dos dous apartados, se deduce que o primeiro apartado regula a acción de revisión pero unicamente de actos administrativos e non de disposicións administrativas de carácter xeral. Así mesmo o apartado segundo efectivamente regula posibilidade de declarar de oficio a nulidade de oficio de disposicións administrativas de carácter xeral. En ningún caso se regula unha acción de revisión de regulamento ou disposición de carácter xeral. Téñase en conta a propia exposición de motivos da Lei 30/92, de 26 de novembro, se mencionaba o seguinte: “(...) Del juego explícito de los apartados 1 y 2 del art. 102 se deduce que en adelante queda excluida la acción de nulidad contra reglamentos –la revisión sólo podrá ser de oficio- aunque, naturalmente, nada impide recurrir el acto de aplicación y si prospera el recurso en sede jurisdiccional que el Juez ponga en marcha el procedimiento de la cuestión de ilegidad para lograr los efectos <erga omnes> de la anulación (...). A STS 16.11.06 (fundamento xurídico pimeiro), motiva a resolución xuridical do seguinte xeito: “(...) después de la modificación por la Ley 4/99, la Administración pública tiene potestad de tramitar un procedimiento para la revisión de una disposición general nula de pleno derecho, a que se refiere el artículo 62.2 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y procedimiento administrativo común, tal potestad administrativa no supone conferir a los particulares interesados el ejercicio de una acción de nulidad tendente a obtener dicha declaración de nulidad radical, lo que, además resulta lógico, dada la posibilidad que éstos tienen de impugnar en sede jurisdiccional una disposición de carácter general al ejercitar una acción frente a un acto de aplicación de la misma, basándose en que aquélla no es conforme a derecho (...) la revisión de oficio de las disposiciones de carácter general, el nuevo precepto no permite el ejercicio de una acción de nulidad por los interesados (...)”. Polo tanto, é evidente que non procede admitir a trámite a acción de revisión solicitada perante os acordos plenarios de 29.07.02 e 28.07.04 de aprobación definitiva da modificación puntual número 23 e do PERI IV 01 San Roque respectivamente (...).”

- Con respecto á suspensión solicitada no escrito polo que se interpuso a acción de revisión de oficio dos acordos plenarios de aprobación definitiva do PERI IV 01 San Roque e da modificación puntual número 23 do PXOM.- Non se pode estimar a alegación por canto o acordo para o que se solicitaba a súa revisión e suspensión dos seus efectos, era de aprobación dunha modificación puntual e dun planeamento de desenvolvemento. En ningún caso se trata dun acto administrativo que afecte a unha pluralidade indeterminada de interesados, senón dunha disposición administrativa de carácter xeral. A solicitude de suspensión e os efectos para os que a Lei prevé a ausencia de resolución ó respecto no prazo de 3 meses é

unicamente en sede de recurso a un acto administrativo. Este feito non concorre no presente caso, dado que estamos en presenza dunha disposición administrativa de carácter general. Por outra parte, o acordo plenario de data 30.07.07 se desestimó a solicitude de suspensión da vixenza dos efectos da modificación puntual número 23 e do PERI IV 01 San Roque (punto terceiro da parte dispositiva). A inadmisión a trámite da acción de revisión sobre o contido regulamentario da modificación puntual número 23 e do PERI IV 01 San Roque impide que a Administración aprecie se concorre o suposto previsto no artigo 104 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

CONCLUSIÓN: Se propoñe a desestimación íntegra do recurso de reposición.

** Recurso de reposición presentado por don José Rufino Rojo del Prado e dona Dolores Araujo Fernández (docs 700866326 e 70087027, 26.07.07).-*

- *Sobre o sistema de xestión do polígono 2 do PERI IV 01 San Roque: Os recurrentes entenden que non procede a utilización do sistema de xestión de compensación ó ter transcurrido o prazo de dous anos. Ó respecto tense que informar que o transcurso do prazo para a execución do polígono non implica que automaticamente se modifique o sistema de execución do mesmo. Este feito permitiría, no caso que se estimara procedente e se tramitase o correspondente expediente administrativo, o cambio de sistema por outro no que a Administración asumise maior protagonismo. Todo elo ven regulado nos apartados 2º e 3º do artigo 127 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e concordantes do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística.*
- *Sobre a incorrección na escritura de adhesión e constitución do enderezo das persoas que presentan o recurso.- Tómase razón da mesma.*
- *Sobre a procedencia de recoñecer o dereito de realoxamento dos ocupantes da vivenda incluída no polígono 2 do PERI IV 01.- Efectivamente o apartado e do artigo 16º da Lei 8/07, de 28 de maio, de solo recoñece como un deber da promoción das actuacións de transformación urbanística, o garantiza-lo realoxamento dos ocupantes legais que se precise desaloxar dos inmobles situados dentro do ámbito a desenvolver. Da acreditación da condición de ocupante legal e o recoñecemento do dereito de realoxamento se realizará na fase na que se pretenda a aprobación do proxecto de equidistribución.*

CONCLUSIÓN: Se propoñe a destimación do recurso. Non obstante, tómase razón do enderezo ó que aluden os recurrentes e da intención de exercitar os dereitos de realoxamento que se contemplan no apartado e do artigo 16º da Lei 8/07, de 28 de maio, do solo.

** Escrito presentado por dona Maria Antonia Caseiro Guerra e dona Ermitas Guerra Rodríguez (doc 70105480, data de presentación 24.09.07).- Naquel caso que se pretendera a presentación dun recurso de reposición ó abeiro do disposto no artigo 110.2 e 116 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común o recurso sería presentado fóra de prazo e consecuentemente se debería acordar a inadmisión do mesmo por tal feito (data de recepción 22.06.07). Non obstante, na aplicación do disposto no artigo 35.g da Lei 30/92, dase contestación ás cuestións tratadas:*

- *En canto a alegación presentada no sentido de que a súa parcela está fora da delimitación do polígono*

dous, non pode compartirse. A parcela numerada no documento do PERI como 217 se encontra entre a delimitación do polígono uno e dous. Segundo a documentación topográfica incorporada ó expediente a parte que corresponde ó polígono dous é de 35,50 metros cuadrados. Por outra parte, consta no expediente de aprobación do PERI IV 01 San Roque A que as persoas asinantes do escrito “doc 70105480” a presentación de alegación o día 5.05.03 (doc 30032219), a petición documentación o día 18.03.03 (doc 374215). Por outra parte, foron notificados do acto de aprobación definitiva do PERI IV 01 San Roque A o día 4.08.07 en dúas notificacións dirixidas a don Antonio Caseiro Ratón e dona Antonia Caseiro (notificación número 218 e 290). Ambas notificacións foron dirixidas ó mesmo enderezo e asinadas por dona Ermita Guerra. Tanto nos planos de ordenación do PERI IV-01 SAN ROQUE, PR-03 de Xestión sobre estado actual e PR-04 de Xestión sobre proposta, así como nas páxinas 77 e 81 da Memoria Xustificativa (punto 5: Relación informativa de propietarios e superficies aproximadas das unidades de normalización de predios e polígonos), e nos gráficos das fichas dos polígonos, das páxinas 68 e 70 da normativa, pode comprobarse que a parcela 217 ten unha parte (a), de aproximadamente 1.826,67 m2 no polígono 1, e outra parte (b), de aproximadamente 36,43 m2 no polígono 2. En consecuencia, non se aprecia defecto de forma causante de indefensión.

- Con respecto o informe de medio ambiente referente a existencia de especies arbóreas dignas de protección ou valoración, tense que informar que o mesma será solicitado e evacuado na tramitación do proxecto de equidistribución (ou de expropiación) e de urbanización. A referencia que se fai no escrito ao apartado 2.5.3. “vexetación” non é correcta: en realidade debe refirirse ao apartado 4.5.3 “Vexetación”, páxina 15 da Memoria Informativa e en dito apartado non figura “deixou prevista a necesidade dun informe de medio ambiente” como se dí no escrito, senon que se afirma textualmente: “Igualmente, para coñecer máis en detalle a vexetación existente no resto do ámbito, solicitaronse informes, e efectuáronse visitas polos departamentos de Medio Ambiente e Xardíns do Concello relativo ás especie de interese existentes no ámbito, á pertencencia das mesmas ó catálogo de árbores do Concello, e sobre a súa posibilidade de transplante ou mantemento.” E máis adiante, no mesmo punto se indica que ditos informes figuran no anexo documental, como así é. No anexo documental figura o Informe conxunto de data 31 de outubro de 2001 da Oficina de Parques e Xardíns e Oficina de Medio Ambiente, no que se inclúe a relación das especies vexetais de interese dentro do ámbito do PERI, así como unha referencia á “Normativa xeral reguladora das obras de xardinería” e da “Ordenanza Municipal de Zonas Naturais e Espazos Verdes” a ter en conta. Na páxina 55 da Normativa do PERI, artigo 22 da Ordenanza específica de zonas verdes recóllese nun cadro as especies vexetais de interese informadas polas Oficinas de Medio Ambiente e Parques e Xardíns, coa recomendación expresa da súa reutilización nos proxectos das zonas verdes dentro deste PERI. En concreto na parcela 217 recóllese a existencia de dúas palmeiras, un magnolio, unha noqueira, varios camelios e un arbusto.
- Consta no expediente ficha individualizado por cada unha das parcelas. Na correspondente á número 217 na que se describe unha edificación non singular cunha antigüidade maior os dez anos e calidade constructiva alta. Na ficha analizada non se propón ningún tipo de conservación dos elementos e das edificacións incluídas na finca. Anteriormente ao PERI aprobado definitivamente o 28 de xuño de 2004 non houbo ningún outro PERI con aprobación definitiva. A edificación existente na parcela nº 217 non figura catalogada nin inventariada en ningún catálogo oficial aprobado definitivamente no Concello de Vigo, nin como ben etnográfico nin arqueolóxico, nin como elemento exterior do Catálogo do Plan Especial de edificios e conxuntos a conservar, nin no Catálogo anexo ás Normas Subsidiarias provinciais. No punto 6.2. da Memoria Xustificativa faise referencia ao Informe da Oficina de Patrimonio Histórico de Concello, de data 14/11/2001, que figura no Anexo Documental, e no que unicamente se recomenda a catalogación

neste PERI da portada do Pazo ou casa Grande de Santa Rita e a recuperación do antigo cruceiro existente xunto á Igrexa de Santa Rita. Na páxina páxina 52 (artigo 21.3) da Normativa recóllese a obriga de conservación da portada antes citada.

CONCLUSIÓN: No caso que se pretendera a interposición de recurso de reposición, se propoñe a inadmisión do mesmo por estar presentado fóra do prazo legalmente establecido. Con respecto ós datos dos que solicita se informa o seguinte:

1.- O ámbito dos polígonos 1 e 2 non foron modificados dende a súa delimitación polo PERI IV-01 SAN ROQUE aprobado definitivamente o 28 de Xuño de 2004.

2.-Na documentación do PERI pode comprobarse como foron emitidos informes por parte de Medio Ambiente e Parques e Xardíns Municipais referentes ao arbolado existente , en datas 16/03/2001 e 31/10/2001, durante a fase de redacción do PERI, e ditos informes figuran no anexo documental da Memoria Xustificativa.

3.- No mesmo Anexo Documental consta igualmente o informe da Oficina Municipal de Patrimonio Histórico, de data 14/11/2001, sobre elementos catalogados ou inventariados, onde se pode comprobar como a edificación e o xardín do nº 54 da Rúa Ribadavia non estaban incluídos en ningún catálogo ou inventario aprobado definitivamente.

3.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local e 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, o órgano competente para a adopción do acordo é a Xunta de goberno local.

Por todo elo, PROPONSE a adopción do seguinte acordo:

1.- Desestimar os recursos de reposición presentados por Don Carlos Coladas Guzmán (e.r. de dona Concepción Estévez Alejos e don Amando Mosquera Meiriño <doc 70081490, 12.07.07>) e Don José Rufino Rojo del Prado e dona Dolores Araujo Fernández (docs 700866326 e 70087027, 26.07.07). Tomar razón dos extremos apuntados na parte expositiva do informe-proposta.

2.- Inadmitir o recurso de reposición presentado por dona Maria Antonia Caseiro Guerra e dona Ermitas Guerra Rodríguez (doc 70105480). Non obstante, informar ás cuestións plantexadas polas interesadas.

3.- Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación e ós interesados, informando que contra o mesmo unicamente cabe interpoñer recurso-contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses dende a recepción do acordo que se adopte.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

48(277).- SELECCIÓN DE SOLICITUDES NOVENA FASE DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONSELLERÍA DA VIVENDA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 2901/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 8.02.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

Con data 16 de xaneiro de 2008 e o conforme do Concelleiro Delegado de Cascos Históricos, a Directora da Oficina de Rehabilitación realizou o seguinte informe-proposta, dirixido á Comisión de Avaliación reunida e integrada consonte ó establecido pola Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada do Casco Vello de Vigo e Bouzas (BOP do 4 de decembro de 2006).:

“ I. FEITOS/ANTECEDENTES

- *O 24.11.1999 asínase o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE VIGO EN MATERIA DE ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DE VIGO", no marco do Plan de Vivenda 1998-2001, ao abeiro do RD.1186/1998, do 12 de xuño e do D.345/1998, do 20 de novembro. O 24.11.2000, 02.08.2001, 11.12.02, 14.07.03 e o 26.02.04 asínanse a Segunda, Terceira, Cuarta, Quinta e Sexta fase, respectivamente, do convenio.*
- *O 27.04.06 asíanase a Septima fase ao abeiro do novo Plan Vivenda 2005-2008, para 20 actuacións, en nº de vivendas, no barrio histórico de Vigo. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 286.000 euros do cal o Ministerio de Vivenda e a Conselleria da Vivenda achegan un financiamento a fondo perdido de 156.000 e 130.000 euros respectivamente. A data límite para a realización das actuacións protexidas establécese no 31 de decembro de 2008, prorrogábel mediante acordo da Comisión Bilateral de Seguemento, si chegado o seu termino existiesen razóns que así o esixesen. O 23.04.07 asinase a Oitaba fase (programa 2006) para 30 actuacións, en nº de vivendas, no barrio histórico de Vigo. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 500.000 euros en vivendas e 180.000 euros en infraestructuras e urbanización. El coste total das actuacións estableceuse en 722.000euros, que inclue 42.000 euros para financiar os gastos que xere o Portelo Único da Vivenda. O Ministerio da vivenda aportará a cantidade de 180.000 euros para financiar as actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas, e a Conselleria da Vivenda 150.000 para os mesmos conceptos e a fondo perdido. Para a xestión das axudas correspondentes á 8ª Fase, estableceuse o 31de decembro de 2009 como data final para presentar novas solicitudes de axuda, ata esa data podense presentar novas solicitudes sempre que remataen as obras na data estipulada nos convenios.*
- *O 08.11.07 asinase a a novena fase para 40 actuacións, en nº de vivendas, no barrio histórico de Vigo, programa 2007. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 800.000 euros do cal o Ministerio da Vivenda e a Conselleria da Vivenda achegan un financiamento a fondo perdido de 240.000 e 200.000 euros respectivamente. A data limite para a realización das actuacións protexidas estableceuse no 31 de decembro de 2010, prorrogable mediante acordo da Comisión Bilateral de Seguemento, se cegado o seu termino existiesen razóns que así o esixesen.*

Actuación	Coste total	Mº vivenda	Achega da	Achega	Achega privados
-----------	-------------	------------	-----------	--------	-----------------

			Xunta-CVS	concello	
Rehabilitación edificios e vivendas	800.000	240.000	200.000	-	360.000
Infraestructuras e urbanización	1.500.000	72.000	60.000	1.368.000	-
Equipo técnico	69.000	27.600	-	41.400	-
Totais	2.369.000	339.600	260.000	1.409.400	360.000
% achegas	100%	14,34%	10,98%	59,49%	15,20%

- *En data 11.04.2000 resólvese o concurso para a contratación dunha asistencia técnica encargada da creación e posta en marcha da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación da Vivenda en Vigo. Esta Oficina de Rehabilitación, integrada organicamente na Xerencia Municipal de Urbanismo, comezou a súa actividade no mes de maio de 2000. Con data 31.05.02 o Presidente da Xerencia Municipal de urbanismo resolve a nova contratación da asistencia técnica encargada da xestión da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación a favor da empresa Consultora Galega S.L. esta asistencia técnica esta prorrogada novamente ata outubro de 2008. A principal función da Oficina de Rehabilitación é xestionar as axudas de rehabilitación previstas nos Convenio e conforme á regulación que establece a Ordenanza municipal correspondente.*
- *En sesión plenaria do 31.08.00 aprobouse definitivamente a "Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo" (publicada no B.O.P. o 17.10.2000). En data 24.02.03 aprobouse unha modificación desta ordenanza publicada o 10.07.03. En 29.05.06 modificouse novamente a Ordenanza municipal en función do novo Plan Vivenda e unificando criterios para o Casco vello de Vigo e o barrio Histórico de Bouzas. Esta norma regula polo miúdo o desenvolvemento e execución do Convenio conforme aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade. O 26.11.07 o Pleno do Concello aproba inicialmente a modificación desta ordenanza que está pendente da aprobación definitiva.*
- *O 18 de novembro de 2003 publícase no BOE a vixente L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicábel ás entidades que integran a Administración local e, en tanto norma reguladora das bases de concesión das subvencións, tense en conta por non estar aínda adaptada a ordenanza reguladora destas axudas á vixente lei.*
- *En conformidade co o Capítulo Quinto. Procedemento de Concesión, Artigo 16. Normas xerais da da devandita Ordenanza, constituíuse unha comisión de avaliación que reunida en data 25.10.07, é a encargada da selección das actuacións de axudas presentadas.*
- **DEREITO/VALORACIÓN**
 - *As solicitudes indicadas no listado axunto como “ SELECCIONADOS 9ª FASE”, para rehabilitar os inmobles, están conforme co esixido na Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo e Bouzas consta na Oficina de Rehabilitación que presentaron toda a documentación*

requirida para posibilitar a súa valoración e polo tanto puideron ser consideradas para optar ás axudas correspondentes a este convenio.

- Ás 32 solicitudes contan coa preceptiva visita técnica, orzamentos, proxecto e están pendentes de obtención de licenza de obra o xa contan con ela.
- O reparto económico proposto e as cantidades adjudicadas provisionalmente son as seguintes:

Tipo de actuación	Actuacións	Contía económica Total das obras	Contía adjudicada*	Total fase 9
Vivendas	5	228.841	55.000	
Elementos comúns	14	140.000	94.200	
Vivendas e comúns	13	297.518	151.000	
TOTAL	32	666.359	300.200	
Actuacións Mínimas	40	800.000		440.000

*Cantidades provisionais que irán concretándose cada vez máis, segundo se rematan as obras, ao total do importe do convenio.

- O persoal técnico da Oficina de Rehabilitación examinou os inmobles e os presupostos de obra achegados, polo que se calcularon os Presupostos Protexíbeis (PP) aproximados das obras, algúns deles xa aceptados polos servizos técnicos da Consellería da Vivenda, os Presupostos Máximos Protexíbeis (PMP), as axudas máximas e as axudas propostas tendo en conta a tramitación de axudas complementarias para esas mesmas obras de inmobles situados en conxuntos históricos galegos- Cédulas de Rehabilitación de Calidade, aínda por determinar. As contías das subvencións son provisionais en tanto non sexan xustificadas as obras mediante facturas orixinais e acheguen a documentación pendente.
- De incumpriren os prazos fixados na ordenanza ou non atenderen aos requirimentos para completar a documentación, serán substituídos polas seguintes solicitudes en lista de espera segundo o cadro Tramites fase 9.
- O resto de solicitudes valoradas e non incluídas na “PROPOSTA 9 FASE” quedan incluídas no cadro “TRAMITES 9 FASE” sen contías económicas adjudicadas concretas tanto en cuanto non acheguen orzamentos, proxectos e licenza, pero que poderán ter contía adjudicada, resultado da aplicación do apartado anterior, ou de ter partida orzamentaria sobrante a medida que o CVS acepte os presupostos e/ou se rematen as obras seleccionadas provisionalmente.

III PROPOSTA

Propónse á COMISIÓN DE AVALIACIÓN a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aceptar provisionalmente a proposta de selección de actuacións para a 9ª Fase en función da aplicación da Ordenanza de regulación das axudas publicada no BOP o 04.12.06 ou a que sexa de aplicación no momento da apertura do expediente e do estado de execución das obras, xa que logo propúxose unha modificación da ordenanza que foi aprobada polo Pleno do Concello do 26.11.07 pendente de aprobación definitiva.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

TERCEIRO.- Elevar a proposta provisional da selección das solicitudes de subvencións ao órgano concedente (Xunta de Goberno Local) para a súa aprobación.”

O cadro de seleccionados que se achega a este informe-proposta é o seguinte:

Solicitante	Localización	Importe €
Berta Filgueira Rodríguez	Igrexa 2	44.000
Carmen Moraña Pérez	Poboadores 56	19.000
María Vázquez Domínguez	Anguía 2	11.000
Flora Aurora Alvares Cameselle	Anguía 2	11.000
Antonio González Posada	Anguía 2	11.000
Dolores Alonso Pérez	Ferrería 9	55.000
Ana Sanjurjo Román	Real 26, 1º	11.000
Juan Antonio Troncoso Andrade	Real 26, 2º	11.000
Mª Celia Toubes Mato	Cruz Verde 6	11.000
Ana Isabel Rodríguez Otero	San Bernardo 1,2º D	11.000
Jorge Blanco Santos	Real 34, 1º B	11.000
Francisco Fernández Rodríguez	Alfonso XII 5	33.500
María Pazó Sayago	Alfonso XII 9	27.200
María Celia Toubes Mato	Porta do Sol 9	33.500

TOTAL.....300.200 euros

Reunida o día 18 de xaneiro de 2008 a citada Comisión da Avaliación, acordouse propoñer á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Conceder axudas, por un importe total de 300.200 euros, para actuacións correspondientes á 9ª Fase do convenio de colaboración entre o Ministerio de Vivenda, a Consellería da Vivenda e o Concello de Vigo na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Vigo, en función da aplicación da Ordenanza de regulación das axudas, para a rehabilitación dos inmobles indicados no cadro que antecede a esta proposta, que inclúe unha relación de solicitantes que comenza con Berta Filgueira Pérez e remata con María Celia Toubes Mato. A

concesión das devanditas axudas económicas quedará condicionada ó pleno cumprimento dos requisitos fixados na citada ordenanza.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

49(278).- SELECCIÓN DE SOLICITUDES TERCEIRA FASE DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONSELLERÍA DE VIVENDA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS. EXPTE. 2902/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 8.02.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

Con data 16 de xaneiro de 2008 e o conforme do Concelleiro Delegado de Cascos Históricos, a Directora da Oficina de Rehabilitación realizou o seguinte informe-proposta, dirixido á Comisión de Avaliación reunida e integrada consonte ó establecido pola Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada do Casco Vello de Vigo e Bouzas (BOP do 4 de decembro de 2006):“

• FEITOS/ANTECEDENTES

- O 26.02.04 asínase o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE VIGO EN MATERIA DE ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN NO BARRIO HISTORICO DE BOUZAS", no marco do Plan de Vivenda 2002-2005, ao abeiro do RD.1/2002, do 11 de xaneiro e do D.199/2002, do 6 de xuño, correspondente aos obxectivos para o ano 2003.
- O 27.04.06 asíanase a Segunda fase, ao abeiro do novo Plan Vivenda 2005-2008, para 25 actuacións, en nº de vivendas, no barrio histórico de Bouzas. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 357.500 euros do cal o Ministerio de Vivenda e a Conselleria da Vivenda achegan un financiamento a fondo perdido de 195.000 e 162.500 euros respectivamente. A data límite para a realización das actuacións protexidas establécese no 31 de decembro de 2008, prorrogábel mediante acordo da Comisión Bilateral de Seguemento, si chegado o seu termino existiesen razóns que así o esixesen.
- O 23.04.07 asínase a Terceira fase para 10 actuacións, en nº de vivendas, no barrio histórico de Bouzas. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 241.666,66 euros do cal o Ministerio de Vivenda e a Conselleria da Vivenda achegan un financiamento a fondo perdido de 84.000 e 65.000 euros respectivamente. A data límite para a realización das actuacións protexidas establécese no 31 de decembro de 2009, prorrogábel mediante acordo da Comisión Bilateral de Seguemento, si chegado o seu termino existiesen razóns que así o esixesen.

Actuación	Coste total	Mº vivenda	Achega da Xunta-CVS	Achega concello	Achega privados
Rehabilitación edificios	166.666,66	60.000	50.000	-	56.666,66

e vivendas					
Infraestructuras e urbanización	60.000	18.000	15.000	27.000	-
Equipo técnico	15.000	6.000	-	9.000	-
Totais	241.666,66	84.000	65.000	36.000	56.666,66
% achegas	100%	34,76%	26,90%	14,90%	23,45%

- En data 11.04.2000 resólvese o concurso para a contratación dunha asistencia técnica encargada da creación e posta en marcha da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación da Vivenda en Vigo. Esta Oficina de Rehabilitación, integrada organicamente na Xerencia Municipal de Urbanismo, comezou a súa actividade no mes de maio de 2000. Con data 31.05.02 o Presidente da Xerencia Municipal de urbanismo resolve a nova contratación da asistencia técnica encargada da xestión da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación a favor da empresa Consultora Galega S.L. esta asistencia técnica esta prorrogada novamente ata outubro de 2008. A principal función da Oficina de Rehabilitación é xestionar as axudas de rehabilitación previstas nos Convenio e conforme á regulación que establece a Ordenanza municipal correspondente.
- En data 24.02.03 aprobouse unha modificación da ordenanza publicada o 10.07.03. En 29.05.06 modificouse novamente a Ordenanza municipal en función do novo Plan Vivenda e unificando criterios para o Casco vello de Vigo e o barrio Histórico de Bouzas. Esta norma regula polo miúdo o desenvolvemento e execución do Convenio conforme aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade. O Pleno do Concello de 26.11.07 aproba provisionalmente modificación da ordenanza, estando pendente da aprobación definitiva.
- O 18 de novembro de 2003 publícase no BOE a vixente L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicábel ás entidades que integran a Administración local e, en tanto norma reguladora das bases de concesión das subvencións, tense en conta por non estar aínda adaptada a ordenanza reguladora destas axudas á vixente lei.
- En conformidade co o Capítulo Quinto. Procedemento de Concesión, Artigo 16. Normas xerais da devandita Ordenanza, constituíuse unha comisión de avaliación que reunida en data 23.07.07, é a encargada da selección das actuacións de axudas presentadas.

• DEREITO/VALORACIÓN

- As solicitudes indicadas no listado axunto como “ SELECCIONADOS 3ª FASE”, para rehabilitar os inmobles, están conforme co esixido na Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo e Bouzas consta na Oficina de Rehabilitación que presentaron toda a documentación requirida para posibilitar a súa valoración e polo tanto puideron ser consideradas para optar ás axudas correspondentes a este convenio.
- As 10 solicitudes contan coa preceptiva visita técnica, orzamentos, proxecto e contan coa licenza de obra ou pendentes de obtela.
- O reparto económico proposto e as cantidades adxudicadas provisionalmente son as seguintes:

Vivendas	3	50.001	33.000	
Tipo de actuación	Actuacións	Contía económica total das obras	Contía a adxudicada*	Total fase 3
Edificio completo	0	0	0	

Elementos comúns	5	83.335	55.000	
Comúns e vivendas	2	33.334	22.000	
Total	10	166.667	110.000	

Actuacións mínimas	10	166.667		110.000
---------------------------	----	----------------	--	---------

**Cantidades provisionais que irán concretándose cada vez máis, segundo se rematan as obras.*

- O persoal técnico da Oficina de Rehabilitación examinou os inmobles e os presupostos de obra achegados, polo que se calcularon os Presupostos Protexíbeis (PP) aproximados das obras, algún deles xa aceptados polos servizos técnicos da Consellería da Vivenda, os Presupostos Máximos Protexíbeis (PMP), as axudas máximas e as axudas propostas tendo en conta a tramitación de axudas complementarias para esas mesmas obras de inmobles situados en conxuntos históricos galegos-Cédulas de Rehabilitación de Calidade, aínda por determinar. As contías das subvencións son provisionais en tanto non sexan xustificadas as obras mediante facturas orixinais e as correspondentes visitas final de obra.
- De incumpriren os prazos fixados na ordenanza ou non atenderen aos requirimentos para completar a documentación, serán substituídos polas seguintes solicitudes en lista de espera segundo o cadro “TRAMITES FASE 3”
- O resto de solicitudes valoradas e non incluídas na “PROPOSTA 3 FASE” quedan incluídas no cadro “TRAMITES FASE 3” sen contías económicas adxudicadas concretas tanto en canto non chegen orzamentos, proxectos e licenza, pero que poderan ter contaia adxudicada, resultado da aplicación do apartado anterior, ou de ter partida orzamentaria sobrante a medida que o CVS acepte orzamentos e/ou se rematen as obras seleccionadas provisionalmente.

III PROPOSTA

Proponse á COMISIÓN DE AVALIACIÓN a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aceptar provisionalmente a proposta de selección de actuacións para a 3ª Fase en función da aplicación do baremo aprobado na Ordenanza de regulación das axudas publicada no BOP o 04.12.06 para a rehabilitación dos inmobles indicados no cadro “SELECCIONADOS 3FASE”.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

TERCEIRO.- Elevar a proposta provisional da selección das solicitudes de subvencións ao órgano concedente (Xunta de Goberno Local) para a súa aprobación.”

O cadro de seleccionados que se achega a este informe-proposta é o seguinte:

SOLICITANTE	LOCALIZACIÓN	IMPORTE €
-------------	--------------	-----------

Rosana Payán Araujo	Cruceiro Vello 2	33.000.-
Berta Alonso Castro	Sebastián El Cano 17	22.000.-
María Jesús Mera Freire	Ferreiros 29	11.000.-
Fernando Rubén López Mera	Ferreiros 33, 1º	11.000.-
Antonio González Iglesias	Sebastián El Cano 1, 3ºD	11.000.-
María Pazó Sayago	Tomás Alonso 271	22.000
	TOTAL	110.000.-

Reunida o día 18 de xaneiro de 2008 a citada Comisión da Avaliación, acordouse propoñer á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Conceder axudas, por un importe total de 110.000 euros, para actuacións correspondientes á 3ª Fase do convenio de colaboración entre o Ministerio de Vivenda, a Consellería da Vivenda e o Concello de Vigo na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Vigo-Bouzas, en función da aplicación da Ordenanza de regulación das axudas, para a rehabilitación dos inmobles indicados no cadro que antecede a esta proposta, que inclúe unha relación de solicitantes que comenza con Rosana Payán Araújo e remata con María Pazó Sayago. A concesión das devanditas axudas económicas quedará condicionada ó pleno cumprimento dos requisitos fixados na citada ordenanza.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

50(279).- SELECCIÓN DE SOLICITUDES CUARTA FASE DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONSELLERÍA DE VIVENDA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS. EXPTE. 2903/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 8.02.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

Con data 16 de xaneiro de 2008 e o conforme do Concelleiro Delegado de Cascos Históricos, a Directora da Oficina de Rehabilitación realizou o seguinte informe-proposta, dirixido á Comisión de Avaliación reunida e integrada consonte ó establecido pola Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada do Casco Vello de Vigo e Bouzas (BOP do 4 de decembro de 2006).:

“

- FEITOS/ANTECEDENTES
- O 26.02.04 asínase o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE VIGO EN MATERIA DE ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN NO BARRIO HISTORICO DE BOUZAS", no marco do Plan de Vivenda 2002-2005, ao abeiro do RD.1/2002, do 11 de xxaneiro e do D.199/2002, do 6 de xuño, correspondente aos obxectivos para o ano 2003.

- O 27.04.06 asíanase a Segunda fase para 25 actuacións ao abeiro do novo Plan Vivenda 2005-2008, en nº de vivendas, no barrio histórico de Bouzas. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 357.500 euros do cal o Ministerio de Vivenda e a Consellería da Vivenda achegan un financiamento a fondo perdido de 195.000 e 162.500 euros respectivamente. A data límite para a realización das actuacións protexidas establécese no 31 de decembro de 2008, prorrogábel mediante acordo da Comisión Bilateral de Seguemento, si chegado o seu termino existiesen razóns que así o esixesen. O 23.04.07 asínase a Terceira fase para 10 actuacións, en nº de vivendas, no barrio histórico de Bouzas. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 241.666,66 euros do cal o Ministerio de Vivenda e a Consellería da Vivenda achegan un financiamento a fondo perdido de 84.000 e 65.000 euros respectivamente. A data límite para a realización das actuacións protexidas establécese no 31 de decembro de 2009, prorrogábel mediante acordo da Comisión Bilateral de Seguemento, si chegado o seu termino existiesen razóns que así o esixesen.
- O 08.11.07 asínase a Cuarta fase para 25 actuacións, en nº de vivendas, no barrio histórico de Bouzas. O orzamento total das actuacións de rehabilitacións previstas estableceuse en 500.000 euros do cal o Ministerio de Vivenda e a Consellería da Vivenda achegan un financiamento a fondo perdido de 204.009,07 e 162.500 euros respectivamente. A data límite para a realización das actuacións protexidas establécese no 31 de decembro de 2010, prorrogábel mediante acordo da Comisión Bilateral de Seguemento, si chegado o seu termino existiesen razóns que así o esixesen.

Actuación	Coste total	Mº vivenda	Achega da Xunta- CVS	Achega concello	Achega privados
Rehabilitación edificios e vivendas	500.000	150.000	125.000	-	225.000
Infraestructuras e urbanización	250.755,88	45.000	37.500,00	168.255,88	-
Equipo técnico	22.522,68	9.009,07	-	13.513,61	-
Totais	773.278,56	204.009,07	162.500	181.769,49	225.000,00
% achegas	100%	26,38%	21,01%	23,51%	29,10%

- En data 11.04.2000 resólvese o concurso para a contratación dunha asistencia técnica encargada da creación e posta en marcha da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación da Vivenda en Vigo. Esta Oficina de Rehabilitación, integrada organicamente na Xerencia Municipal de Urbanismo, comezou a súa actividade no mes de maio de 2000. Con data 31.05.02 o Presidente da Xerencia Municipal de urbanismo resolve a nova contratación da asistencia técnica encargada da xestión da Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación a favor da empresa Consultora Galega S.L. esta asistencia técnica esta prorrogada novamente ata outubro de 2008. A principal función da Oficina de Rehabilitación é xestionar as axudas de rehabilitación previstas nos Convenio e conforme á regulación que establece a Ordenanza municipal correspondente.
- En data 24.02.03 aprobouse unha modificación da ordenanza publicada o 10.07.03. En 29.05.06 modificouse novamente a Ordenanza municipal en función do novo Plan Vivenda e unificando criterios para o Casco vello de Vigo e o barrio Histórico de Bouzas. Esta norma regula polo miúdo o

desenvolvemento e execución do Convenio conforme aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade. O Pleno do concello aprobou en data 26.11.07 nova modificación da ordenanza que esta pendente da aprobación definitiva.

- O 18 de novembro de 2003 publícase no BOE a vixente L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicábel ás entidades que integran a Administración local e, en tanto norma reguladora das bases de concesión das subvencións, tense en conta por non estar aínda adaptada a ordenanza reguladora destas axudas á vixente lei.
- En conformidade co Capítulo Quinto. Procedemento de Concesión, Artigo 16. Normas xerais da devandita Ordenanza, constituíuse unha comisión de avaliación que reunida en data 23.07.07, é a encargada da selección das actuacións de axudas presentadas

- **DEREITO/VALORACIÓN**

- As solicitudes indicadas no listado axunto como “ SELECCIONADOS 4ª FASE”, para rehabilitar os inmobles, están conforme co esixido na Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo e Bouzas consta na Oficina de Rehabilitación que presentaron toda a documentación requirida para posibilitar a súa valoración e polo tanto puideron ser consideradas para optar ás axudas correspondentes a este convenio.
- As 25 solicitudes contan coa preceptiva visita técnica, orzamentos, proxecto e licenza de obra o a piques de seren obtida.
- O reparto económico proposto e as cantidades adxudicadas provisionalmente son as seguintes:

Tipo de actuación	actuacións	Contía económica total das obras	Conti a adxudicada*	Total fase 4
Edificio completo	0	0	0	
Vivendas	3	50.001	33.000	
Elementos comúns	19	316.673	209.000	
Comúns e vivendas	3	50.001	33.000	
Total	25	416.671	275.000	
Actuacións mínimas	25	500.000		275.000

*Cantidades provisionais que irán concretándose cada vez máis, segundo se rematan as obras.

- O persoal técnico da Oficina de Rehabilitación examinou os inmobles e os presupostos de obra achegados, polo que se calcularon os Presupostos Protexíbeis (PP) aproximados das obras, algún deles xa aceptados polos servizos técnicos da Consellería da Vivenda, os Presupostos Máximos Protexíbeis (PMP), as axudas máximas e as axudas propostas tendo en conta a tramitación de axudas complementarias para esas mesmas obras de inmobles situados en conxuntos históricos galegos- Cédulas de Rehabilitación de Calidade, aínda por determinar. As contías das subvencións son provisionais en tanto non sexan xustificadas as obras mediante facturas orixinais e a correspondente visita fin de obra.

- De incumpriren os prazos fixados na ordenanza ou non atenderen aos requirimentos para completar a documentación, serán substituídos polas seguintes solicitudes en lista de espera segundo o cadro “Tramites Fase 4” ou aqueles que foranse incorporando en calidade de solicitantes cumprindo coas preceptivas normas establecidas na ordenanza en vigor.
- O resto de solicitudes valoradas e non incluídas na “PROPOSTA 4 FASE” quedan incluídas no cadro “Tramites fase 4” sen contías económicas adxudicadas concretas tanto en canto non achegen orzamentos, proxectos e licenza, pero que poderan ter contaia adxudicada, resultado da aplicación do apartado anterior, ou de ter partida orzamentaria sobranse a medida que o CVS acepte orzamentos e/ou se rematen as obras seleccionadas provisionalmente.

III PROPOSTA

Propónse á COMISIÓN DE AVALIACIÓN a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aceptar provisionalmente a proposta de selección de actuacións para a 4ª Fase en función da aplicación do baremo aprobado na Ordenanza de regulación das axudas publicada no BOP o 04.12.06 para a rehabilitación dos inmobles indicados no cadro “ SELECCIONADOS 4FASE”.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

TERCEIRO.- Elevar a proposta provisional da selección das solicitudes de subvencións ao órgano concedente (Xunta de Goberno Local) para a súa aprobación.”

O cadro de seleccionados que se achega a este informe-proposta é o seguinte:

Solicitante	Localización	Importe €
Beatriz Couñago Otero	Alameda Suárez Llanos 25	44.000.-
Pablo Novoa Pérez	Ferreiros 14 e Ramón Antonio Álvarez 5	33.000.-
Sonia Caamaño Pérez	Alfredo Brañas 2	165.000.-
Adelina Correa Carrera	Casiano Martínez 16	33.000.-
	TOTAL	275.000.-

Reunida o día 18 de xaneiro de 2008 a citada Comisión da Avaliación, acordouse propoñer á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Conceder axudas, por un importe total de 275.000 euros, para actuacións correspondientes á 3ª Fase do convenio de colaboración entre o Ministerio de Vivenda, a Consellería da Vivenda e o Concello de Vigo na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Vigo-Bouzas, en función da aplicación da Ordenanza de

regulación das axudas, para a rehabilitación dos inmobles indicados no cadro que antecede a esta proposta, que inclúe unha relación de solicitantes que comenza con Beatriz Couñago Otero e remata con Adelina Correa Carrera. A concesión das devanditas axudas económicas quedará condicionada ó pleno cumprimento dos requisitos fixados na citada ordenanza.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados, dándolle un prazo máximo de 10 días para a presentación de alegacións conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

51(280).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A TEMANOR S.L. CONSTITUÍDA POLA EXECUCIÓN DE CALA NA BEIRARRÚA DE ISAAC PERAL Nº 4. EXPTE. 54320/250.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 19.02.08, conformado pola concelleira delegada do Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por TEMANOR S.L. en 17/12/07, en relación o aval constituído o 29/08/2007, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de cala na beirarrúa de Isaac Peral nº 4, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 18 de febreiro de 2008, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución do aval a TEMANOR S.L., constituído na data reseñada, polo importe de 96 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución do aval a TEMANOR S.L., constituído na data reseñada, polo importe de 96 euros.

52(281).- PROXECTO DE CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN E COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A. (TRAGSA). EXPTE. 54473/250.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

53(282).- CESIÓN DE TERREOS A CPTOPT PARA A REFORMA DA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DAS RÚAS PEDRO ALVARADO E DR. CORBAL. EXPTE.53509/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 22.02.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 17 de setembro de 2007, a solicitude da Delegación Provincial da

C.P.T.O.P.T. , adoptou o acordo, entre outros puntos, de por a disposición do Concello dos terreos necesarios libres de cargas e gravámenes para a remodelación da glorieta reseñada no epígrafe.

Solicitouse informe á Xerencia de Urbanismo, que remitiu o informe que obra no expediente no que non se indican inconvenientes sobre a adecuación urbanística dos terreos desta intersección, para a construción dunha regulación do tráfico, coa salvedade de que esta intervención deberá axustarse ás aliñacións previstas no P.X.O.U. vixente, como do P.X.O.U. en tramitación dos que se achegan copias. Ditas aliñacións son sensiblemente as mesmas.

A C.P.T.O.P.T. solicitou, para dar cumprimento ao compromiso adquirido, a posta formal a súa disposición dos terreos mentados e nas condicións expostas.

Por tal motivo sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

a).- Por a disposición da C.P.T.O.P.T. , durante a execución das obras, dos terreos da intersección das rúas Pedro Alvarado e Benito Corbal, limitados polas aliñacións reflectidas no P.X.O.U. vixente e no P.X.O.U. en tramitación.

b).- Solicitar da C.P.T.O.P.T. a inclusión no proxecto de separata valorada da reposición de servizos afectados, a fin de ser asumida polo Concello de Vigo a súa reposición, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de setembro de 2007.

c).- Notificar este acordo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e aos Servizos Municipais de Patrimonio e Contratación e Xerencia de Urbanismo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.